Concello de Vigo

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
**Sesión do 7 de xullo de 2023 (1502/1102)**

| **ASISTENTES:** | **NON ASISTEN:** |
|---|---|
| **Membros :** | |
| D. Abel Caballero Álvarez | Dª Mª Carmen Silva Rego |
| D. Francisco Javier Pardo Espiñeira | |
| Dª Elena Espinosa Mangana | |
| Dª Mª José Caride Estévez | |
| D. Carlos López Font | |
| D. Angel Rivas González | |
| D. Jaime Aneiros Pereira | |
| Dª Yolanda Aguiar Castro | |
| Dª Patricia Rodríguez Calviño | |

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de xullo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(535).- APROBACIÓN ACTAS:** Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 28 e 30 de xuño de 2023 e ordinaria do 30 de xuño de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(536).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 15999/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 30/06/2023, asinado pola letrada titular da Asesoría Xurídica e a concelleira da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Retribucións. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local
Contía: Indeterminada

| Ref. Asesoría Xurídica | Núm. Recurso Apelación | Núm. Sentenza | Data Sentenza | Procedemento de orixe | Exptes. administrativos |
|---|---|---|---|---|---|
| 14393/111 | 174/2022 | 223 | 22/03/2023 | RC-A nº 331/2021 PA XC-A nº 2 Vigo (Sentenza nº 308 de 23/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022) | 38102/220<br>35363/220 |
| 14621/111 | 354/2022 | 286 | 10/04/2023 | RC-A nº 299/2021 PA XC-A nº 1 Vigo (Sentenza nº 71 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022) | 35363/220<br>38149/220 |
| 14638/111 | 341/2022 | 382 | 05/05/2023 | RC-A nº 283/2021 PA XC-A nº 1 Vigo (Sentenza nº 83 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022) | 35363/220 |
| 14646/111 | 369/2022 | 199 | 15/03/2023 | RC-A nº 305/2021 PA XC-A nº 1 Vigo (Sentenza nº 66 de 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022) | 35363/220<br>38149/220 |

| Ref. Asesoría Xurídica | Núm. Recurso Apelación | Núm. Sentenza | Data Sentenza | Procedemento de orixe | Exptes. administrativos |
|---|---|---|---|---|---|
| 14659/111 | 365/2022 | 298 | 10/04/2023 | RC-A nº 381/2021 PA XC-A nº 1 Vigo (Sentenza nº 87 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022) | 35363/220<br>38266/220 |

Estas sentenzas, que non son firmes (recorridas en casación), resolven os recursos de apelación dos actores contra as sentenzas de instancia estimándoos, revogan as sentenzas apeladas e declaran o dereito dos actores a:

1º) Percibir os "pluses de festividade e nouturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".
2º) Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".
3º) O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

2.- Contencioso
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación e cantidades por horas extraordinarias. Bombeiros.
Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

| Ref. Asesoría Xurídica | Núm. Recurso Apelación | Núm. Sentenza | Data Sentenza | Procedemento de orixe |
|---|---|---|---|---|
| 13830/111 | 586/2021 | 122 | 15/02/2023 | RC-A nº 244/2020 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 111 de 05/07/2021 (e Auto de 27/07/2021), comunicados na sesión da XGL do 29/10/2021 |
| 13835/111 | 581/2021 | 833 | 02/11/2022 | RC-A nº 325/2020 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 118 de 05/07/2021 (e Auto de 20/07/2021), estimatoria parcial, comunicados na sesión da XGL do 29/10/2021 |

Estas sentenzas estiman o recurso de apelación promovido polo Concello de Vigo, anulan o Auto integrador da sentenza ditada en primeira instancia, e retrotraen as actuacións ao momento inmediatamente posterior ao ditado da sentenza, para a súa notificación e inicio de prazo para apelar.

O departamento de RRHH e Formación, e o de Seguridade, deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 14896/111
Auto do 30 de marzo de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Execución Provisional: 14/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo desestimatoria da solicitude de permuta efectuada polos demandantes funcionarios con praza de bombeiros na Deputación de Álava e Concello de Vigo, respectivamente.
Expte(s): 39604/220
Contía: Indeterminada

Este auto que se está a comunicar non é firme, e desestima a solicitude de execución provisoria da sentenza que anulou en primeira instancia a resolución desestimatoria da solicitude de permuta entre dous funcionarios do SPEIS.

A resolución considera que ao tratarse dunha sentenza meramente declarativa, non procede a súa execución, porque non existe unha obriga de condena.

A Área de RRHH e Formación deberá coñecer do resolto.

*Procedemento de orixe:*
*RC-A nº 219/2022 PA XC-A nº 2, Sentenza nº 318 do 15/12/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 26/01/2023*

4.- Contencioso. Expediente nº 15182/111
Auto nº 39 do 4 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 332/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Oferta de Emprego Público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo e resolución desestimatoria do recurso de reposición formulado no referente á praza de titulado medio
Expte(s): 39998/220

Este auto, firme, acorda a desaparición sobrevida do obxecto do recurso ao tramitarse e resolverse na vía administrativa o pretendido nesta instancia.

O auto resolve a competencia do órgano para coñecer da impugnación que a demandante (persoal laboral municipal) fixo da OPE de estabilización, entendendo que, ao corrixirse o erro pretendido pola actora na denominación da praza, decae o obxecto do recurso, procedendo o arquivo.

Canto á impugnación das bases da convocatoria pola mesma razón da denominación da praza e incardinación nun servizo municipal concreto, o auto resolve a competencia da Orde Social, á que terá que acudir se mantén tal impugnación.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 15428/111
Sentenza nº 117 do 18 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 14/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 03/11/2022, desestimatoria do recurso de reposición formulado con relación á solicitude de excedencia por prestación de servizos no sector público. Praza Policía Local OEP 2017, 2018, 2019 Mobilidade horizontal
Expte(s): 40800/220
Contía: Indeterminada

Sentenza desestimatoria do recurso contencioso administrativo formulado polo recorrente contra a resolución municipal do 3 de novembro de 2022 pola que se desestima a súa solicitude do 22 de setembro de 2022 para que se lle declarase en excedencia voluntaria pola prestación de servizos no sector público, e se lle apercibiu da súa obriga de tomar posesión da praza para a que se lle nomeara o 29 de setembro de 2022, acreditando a situación administrativa de procedencia de tal xeito que non incurrise en situación de incompatibilidade. Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de apelación.

Darase traslado de copia desta sentenza ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

6.- Contencioso. Expediente nº 15483/111
Sentenza nº 62 do 28 de abril de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 17/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución da Concelleira da Área de Seguridade que lle impón multa de 300 euros por presunta infracción por non identificar ao condutor.
Expte(s): 298671/280

A sentenza declara disconforme ao ordenamento xurídico e anula a resolución da Concelleira da Área de Seguridade que impón unha sanción de 300 € por non identificar ao condutor, coas consecuencias legais de dita declaración (obriga de devolución do importe no caso de ser abonado cos intereses legais dende a data do eventual pagamento).

No FX 3º sinala que como en supostos análogos a Administración tería que ter atendido a causa xustificativa do tardío cumprimento do deber de identificar ao condutor que realizou neste caso no seu escrito de alegacións (identificándose a si mesmo como condutor) unha vez iniciado o procedemento.

A sentencia, que é firme, impón as costas á Administración Municipal ata a cifra máxima de 200 euros (máis impostos).

7.- Contencioso. Expediente nº 15451/111
Sentenza nº 104 do 8 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 19/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación do recurso presentado contra a imposición de sanción por non identificar ao condutor.
Expte(s): 297952/280
Contía: 300,00 €

Esta sentenza é firme, e estima o recurso da demandante, a quen se lle impuxo unha sanción por importe de 900 euros (infracción moi grave), en materia de circulación.

A actora foi denunciada o 31 de maio do 2022 na Avda. do Tranvía ao circular a unha velocidade superior á establecida para a vía. Recibidas as notificacións, non procedeu á identificación da persoa condutora do vehículo, polo que se iniciou outro procedemento sancionador por estes feitos.

Esta sentenza estima, a pesares do informe que se aportou complementariamente, que o límite de velocidade nesa vía non se aclarou con respecto ao momento de comisión da infracción, e que ante esta circunstancia, operan os principios do procedemento sancionador en favor da demandante, polo que se estima a demanda.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 15256/111
Sentenza nº 119 do 18 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 274/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta pola inactividade do Concello de Vigo
Expte(s): 296368/280
Contía: 300,00 €

Sentenza firme estimatoria do recurso contencioso administrativo formulado polo demandante contra a desestimación presunta do recurso de reposición presentado

polo actor contra a resolución da Concellería de Seguridade do 23 de maio de 2022 (sanción de tráfico) pola que se reputan ámbalas dúas disconformes a Dereito, polo que se anulan e revogan.

Darase traslado de copia desta sentenza ao servizo municipal de Seguridade e ao servizo de Recadación aos efectos do seu coñecemento e cumprimento.

9.- Contencioso. Expediente nº 15088/111
Sentenza nº 114 do 18 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 293/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do procedemento sancionador tramitado co nº 2022/04599 que lle impón unha sanción de 200 euros
Expte(s): 293137/280
Contía: 200,00 €

Sentenza firme que estima o recurso contencioso administrativo interposto fronte a resolución do 18 de xullo de 2022 do Concello de Vigo, confirmatoria do decreto da Concellería da Área de Seguridade e Mobilidade do 22 de maio de 2022, relativa a unha sanción de tráfico por estacionamento en praza reservadas a persoas con mobilidade reducida, que declara disconforme a dereito, anula e revoga.

Darase traslado dunha copia desta sentenza ao servizo de Seguridade e Mobilidade para o seu coñecemento.

10.- Contencioso. Expediente nº 15795/111
Auto do 4 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Peza Separada Medidas Cautelares (RC-A nº 101/2023 PA)
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 16/01/2023, que lle impón sanción de 300 euros e 2 puntos como consecuencia de infracción por exceso de velocidade
Expte(s): 302175/280
Contía: 300,00 €

O auto, firme, decide que non procede acceder á medida cautelar solicitada (suspensión da execución do acto recorrido).

11.- Contencioso. Expediente nº 15457/111
Sentenza nº 103 do 8 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 20/2023
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A desestimatoria de recurso de reposición presentado contra dilixencia de embargo
Expte(s): 5485/550, 177643/700 e 298906/280
Contía: 300,00 €

A sentenza que se está a comunicar estima parcialmente o recurso e condena ao Concello a devolver ao demandante a cantidade de 386,99 euros. Firme por contía. O acto obxecto de recurso era a resolución do TEAC que confirmou a desestimación do recurso de reposición contra unha dilixencia de embargo con causa nunha sanción de tráfico.

A resolución recoñece que as notificacións da sanción foron válidas, pero considera que non se axusta a dereito o requerimento de identificación ao condutor do procedemento sancionador, polo que anula ese procedemento, a pesares de que non se tratou do cuestionado na demanda do actor. Remítese ao criterio deste órgano xudicial en supostos de impugnación de procedementos sancionadores de semellante natureza ao que deu lugar o inicio da vía executiva.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 15518/111
Sentenza nº 118 do 18 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 34/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Acordo do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición formulado en expediente administrativo relacionado co Imposto de Bens Inmobles dos exercicios 2012 ao 2019.
Expte(s): 177825/700, 5526/550
Contía: 3.568,16 €

Sentenza firme estimatoria parcial do recurso contencioso administrativo formulado por la demandante fronte a resolución do TEA do Concello de Vigo, do 12 de setembro de 2022, desestimatoria da reclamación económico administrativa -expte. 5526/550- fronte á resolución que acordou a desestimación do recurso de reposición -expte. 143960/700- dirixido á súa vez, contra o requirimento de pago de cuotas do IBI á sucesora do titular da débeda, pola que se declara a disconformidade a Dereito da resolución do TEAL, a súa anulación e revogación, así como a de requirimento de pago, nos termos e pola cantidade que foi xirada en xaneiro do 2022.

Darase traslado de copia desta sentenza ao TEA, ao Servizo de Tributos e ao Servizo de Recadación a efectos do seu coñecemento e cumprimento.

13.- Contencioso. Expediente nº 15569/111
Auto nº 43 do 9 de maio de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 51/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA formulada o 09/06/2022, polos danos sofridos polo vehículo por mor dun accidente de circulación ao transitar pola rúa Recaré
Expte(s): 6776/243

Auto polo que se dispón a conclusión do recurso contencioso administrativo interposto pola demandante por carencia sobrevida do seu obxecto. Con imposición de custas limitadas na súa contía por importe de 100 euros por canto a actora para a tutela dos seus dereitos tivo que confeccionar unha demanda contra unha desestimación presunta que tornou oportunamente estimada, o que xustifica a conclusión do procedemento.

Dese traslado ao servizo de Patrimonio a efectos do seu coñecemento.

14.- Contencioso. Expediente nº 15674/111
Decreto nº 10 do 10 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 81/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 03/01/2023, que inadmite a reclamación de RPA formulada polos danos sofridos por mor dunha caída cando transitaba polas escaleiras que comunican a rúa Fernando Lado Olana coa praza das Palmeiras.
Expte(s): 6078/243, 6640/243

Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo polo que se ten por desistida á recorrente e se declara a terminación do procedemento. Sen custas.

Darase traslado ao servizo de Patrimonio a efectos do seu coñecemento.

15.- Contencioso. Expediente nº 15440/111
Sentenza nº 102 do 8 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 22/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados a vehículo cando circulaba pola rúa Canteiros nº 20 ao sobrepasar unha tapa de sumidoiro
Expte(s): 6671/243
Contía: 700,80 €

Esta sentenza é firme por contía, e resolve un asunto no que o acto obxecto de recurso era a desestimación presunta dunha reclamación por danos nun vehículo.

A demandante reclamaba 700,80 euros en concepto de danos causados ao vehículo da súa propiedade ao colisionar unha tapa de rexistro da rede municipal de abastecemento e saneamento contra o mesmo, un dia de chuvias anormais (por exceso), figurando como codemandada Aqualia, concesionaria municipal.

A sentenza estima que concorren os requisitos para apreciar a responsabilidade municipal, desbotando o alegato da concesionaria municipal de que se tratou dun suposto de forza maior.

Se condena ao Concello ao pago da cantidade sinalada.

O Servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 15538/111
Sentenza nº 111 do 18 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 40/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA polos danos sofridos por vehículo cando circulaba pola estrada Camino de Esteriz subida ao Parque Forestal de Saiáns
Expte(s): 6819/243
Contía: 327,54 €

Sentenza firme desestimatoria do recurso contencioso administrativo interposto polo recorrente contra a resolución do Concello de Vigo de 12 de abril de 2023, estimatoria parcial da reclamación patrimonial presentada polos danos padecidos no seu vehículo por mor do mal estado da vía pública municipal, pola que se lle recoñecía o abono do dano padecido nos dous neumáticos do vehículo da súa titularidade, resolución que confirma fronte á pretensión do demandante do abono polo Concello de Vigo do custe total de 4 neumáticos.

Darase traslado de copia desta sentenza ao servizo de Patrimonio a efectos do seu coñecemento.

17.- Contencioso. Expediente nº 15484/111
Sentenza nº 125 do 19 de maio de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 32/2023
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados a vehículo por unha varanda lateral que delimita a calzada da rúa Coutadas que invadía a calzada
Expte(s): 6710/243
Contía: 914,13 €

Sentenza estimatoria parcial, sen imposición de custas, ditada nun procedemento no que o obxecto de recurso era a desestimación presunta dunha solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial.

A demandante sufriu danos no vehículo da súa propiedade ao circular na R/ Coutadas, por mor dunha varanda que segundo a actora se atopaba en mal estado. A sentenza considera que este elemento se atopa en mal estado, como se desprende do parte da Policía Local, e aínda dun modo mínimo, invade o espazo de calzada e circulación de vehículos.

A estimación parcial deriva da inclusión indebida como danos reclamados dos correspondentes ao lateral do vehículo que non coincide coa posición da varanda.

A sentenza é firme por contía e debe coñecer do resolto o Servizo de Patrimonio e a Área de Fomento/Seguridade en atención ao pronunciamento recollido nas páx. 4 e 5 da sentenza con relación a outro procedemento precedente e relacionado co presente.

18.- Contencioso. Expediente nº 15213/111
Sentenza nº 113 do 6 de marzo de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2
Recurso de apelación: 4029/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución do 26-11-2020 da Directora de Augas de Galicia. Modificación nas normas de Explotación e no Plan de Emerxencias da presa de Eiras
Expte(s): 728/441
Contía: Indeterminada

Esta sentenza desestima o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza que desestimou a demanda contra a resolución da Directora de Augas de Galicia de actualización das Normas de explotación e emerxencia da presa de Eiras. Contra esta sentenza só cabe a interposición de recurso extraordinario de casación e adquire firmeza ao non interesarse pola área/servizo municipal a súa promoción.

A resolución considera que as cuestións relativas ao axuste a dereito da adxudicación levada a cabo por Augas de Galicia en favor dunha empresa contratista, malia gardar relación parcial co obxecto de recurso deste procedemento, procede que se decidan naquel procedemento, entendendo que esta resolución impugnada non in-

nova senón que actualiza as anteriores normas de explotación e do plan de emerxencia.

A sentenza non se pronuncia sobre a relación entre a data na que se aproba esta modificación e a incidencia sobre o contrato adxudicado, nin tampouco sobre o feito de que o contido destas normas actualizadas implica a expulsión de facto do persoal da contratista municipal, centrándose só nos aspectos relativos á seguridade da presa, competencia autonómica, e sobre os que o Concello nunca manifestou discrepancia.

A Área de Fomento debe coñecer do resolto.

*Procedemento de orixe:*
*RC-A nº 220/2021 PO XC-A nº 1 Santiago de Compostela, Sentenza nº 374 de 28/10/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 16/12/2022*

19.- Contencioso. Expediente nº 15878/111
Auto nº 79 do 19 de maio de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4
Peza separada de medidas cautelares (Procedemento Ordinario nº 15179/2023)
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución da Xunta Superior de Facenda da CC.AA. de 14-11-2022, en relación con procedementos de xestión recaudatoria da taxa 32.68.00-obras hidráulicas de regulación xestionadas polo administración hidráulica da C.A. de Galicia (canon de regulación) do 1º e 2º semestres dos anos 2015 e 2016 e contra as mesmas resolucións. Expedientes 685/441 e 686/441

O Auto 79/2023, de 19 de maio, estima a medida cautelar solicitada pola administración municipal e declara a suspensión da Resolución da Xunta Superior de Facenda do 14/11/2022 e das liquidacións das que trae causa (liquidacións do primeiro e segundo semestre do 2015 e do primeiro e segundo semestre do 2016- taxa 32.68.00-obras hidráulicas de regulación xestionadas pola administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia (canon de regulación).

O Departamento de Fomento debe coñecer o resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 15174/111
Sentenza nº 113 do 28 de marzo de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7004/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: XGL 16-9-2021. Estimación parcial de reclamación económica por obras.
Expte(s): 5423/106 (e 5470/551)
Contía: 330.042,83 €

Esta sentenza, unicamente recorrible mediante recurso extraordinario de casación, desestima o recurso promovido polo Concello e confirma a sentenza de instancia. Adquire firmeza ao non interesarse polo servizo a súa promoción.

A sentenza considera que as obras executadas pola parte demandante (Asociación de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso) superan a consideración de obras de conservación.

Tamén valora que estas obras revertirán en favor do concello unha vez remate a concesión, polo que non se pode apreciar enriquecemento inxusto na concesionaria, tendo en conta que segundo o criterio da Sala ademais, non tiña por que realizar estas obras (ás que tampouco se opuxo o concello).

Por último, esta sentenza indica que estas obras figuraban no proxecto do ano 2010, e progresivamente non se recollían nos proxectos posteriores, tendo que acometelas a asociación.

O Servizo de Comercio debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

*Procedemento de orixe:*
*RC-A nº 383/2021 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 262 de 26/10/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 16/12/2022*

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15789/111
Decreto nº 159 do 26 de abril de 2023
Xulgado do Social nº 6 de Vigo
Ordinario: 314/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolucións do 15/09/2022 e 09/02/2023, desestimatorias da solicitude de rectificación de erros ou omisións e do recurso de reposición formulados contra a OEP de estabilización de emprego temporal
Expte(s): 41622/220, 39998/220

Esta resolución acorda estimar a desistencia do demandante e arquivar o procedemento, ao recoñecer o ordenamento xurídico a facultade de disposición da acción por parte do demandante. O impugnado era a Oferta de Emprego Público de Estabilización e a corrección de erros con relación a unha praza convocada nesa oferta.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 15782/111
Sentenza nº 193 do 2 de maio de 2023
Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Conciliación Vida Persoal, Familiar e Laboral: 320/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Vulneración dos dereitos fundamentais, ao non concretar horario e non adaptar a súa xornada laboral por mor da garda legal.

A sentenza que se comunica, firme, estima o recurso da demandante e lle recoñece o dereito a prestar servizos na quenda de mañá, ata que os seus fillos cumpran doce anos. Empregada pública con categoría de Oficial de instalacións deportivas, adscrita ao Servizo de Deportes.

A sentenza, ditada nun procedemento de dereitos fundamentais contén varios pronunciamentos de interese. Primeiramente, lembra que o prazo para resolver este tipo de solicitudes é moi breve, dun mes, e este expediente con resultado desestimatorio expreso se resolveu superado en exceso tal prazo. A sentenza cuestiona que se lle solicitase xustificación da pretensión de conciliación transcorrido un mes e medio dende a solicitude.

En segundo lugar, a sentenza considera a resolución desestimatoria falta de motivación, entendendo a ofrecida como excesivamente xenérica, sen pormiudar as concretas afeccións ao servizo no caso de que se estimase a solicitude.

Igualmente pon de manifesto a ausencia de negociación, cuestión esta ineludible segundo o ET (art. 34.8).

Conclúe a sentenza estimando a solicitude da demanda dunha indemnización pola vulneración de dereitos por importe de 3.750 euros.

A sentenza non é firme, pero adquire firmeza polo transcurso do prazo para impugnala, xa que as anteriores circunstancias, presentes no expediente administrativo remitido, impiden formular un recurso coa mínima posibilidade de desvirtualas ou defender unha actuación administrativa conforme a dereito e en prazo.

A Área de RRHH e Formación e o Servizo de Deportes deben coñecer do resolto e executar a sentenza.

3.- Social. Expediente nº 14916/111
Sentenza nº 203 do 3 de maio de 2023
Xulgado do Social nº 6 de Vigo
Ordinario: 455/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento de dereito e cantidades (Servizo de Deportes)
Contía: 296,78 €

Esta sentenza é firme, e non é posible impugnala, ao atoparse por debaixo do limiar para o recurso de suplicación (3.000 euros).

O demandante é empregado público, e a súa pretensión era a de percibir as cantidades en concepto de nocturnidade e festividade durante o período no que desfrutou as súas vacacións. A posición do Concello foi a de que estes conceptos só se perciben cando se prestan servizos de forma efectiva.

A sentenza recolle a doutrina de dereito europeo e a xurisprudencia que entende que non pode ser controvertida tal cuestión xurídica, de que existe un dereito a percibir retribucións durante as vacacións.

Se acolle o cálculo alternativo ao do escrito de demanda facilitado pola representación do Concello, e se condena ao Concello ao abono de 272,93 euros máis o dez por cen por xuros de mora.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

4.- Social. Expediente nº 15178/111
Sentenza nº 216 do 22 de maio de 2023
Xulgado do Social nº 2 de Vigo
Ordinario: 722/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento de dereito e reclamación de cantidades polos servizos prestados como Oficial de Instalacións Deportivas no Pavillón do Berbés.

Sentenza firme estimatoria da reclamación da cantidade que restaba aboarlle ao demandante do abono municipal de cantidades relativas aos conceptos de festividade e nocturnidade realizados nos días de permiso retribuído, IT, permisos de lactancia e paternidade, entre os meses de abril de 2021 a febreiro de 2022.

Darase traslado de copia desta sentenza ao servizo de RRHH para o seu coñecemento e cumprimento.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demáis resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

**PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(537).- PRÓRROGA DO CONTRATO MIXTO PARA A REALIZACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN BELENÍSTICA DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL. EXPTE. 7788/106.**

Visto o informe xurídico do 19/06/2023 e informe de fiscalización do 23/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 02/06/2023, asinado polo xefe do servizo de Comercio e o concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo da realización dunha exposición Belenística durante a Campaña de Nadal (7788-106)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de agosto de 2021, adoptou o seguinte acordo:

> *"Adxudicar a AGRUPACION BELENISTA LA MORANA, o procedemento aberto para a contratación mixta dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2021-2022 e 2022-2023 (7.788-106)coas seguintes condicións por un prezo total de 135.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.520,00 euros e coas seguintes condicións:*
> *➢ Incrementa a superficie de exposición del belén en 26 m2.*
> *➢ Propón unha programación de actividades guiadas para grupos e/ou organizacións de carácter social con un tempo de duración de 50 horas.*
> *➢ Comprometese a incorporar 10 unidades de elementos ornamentais que representen figuras locais.*
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas*
> *particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Conforme a cláusula 4 do contrato e cláusula 4.C das FEC:
"*O prazo do contrato é de dous anos. As prestacións realizaranse entre o 1 de novembro e o 15 de xaneiro. Axustarase aos seguintes prazos parciais:*

*1. Período de montaxe: 10 días antes da data do inicio da exposición*
*2. Período de probas: 2 días antes da data de inicio da exposición todos os elementos que compoñen a exposición deberán estar en perfecto estado para a súa posta en servizo*
*3. Período de exposición: concretarase polo servizo de Comercio na correspondente anualidade entre os días 15 de novembro e 15*

*de xaneiro, por un total de 48 días (320 horas) de vixilancia do recinto de exposición e atención ao cidadán*

*PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: 2 prórrogas dun ano de duración".*

**Segundo.-** En data 31/08/2021 asinouse contrato administrativo entre o Concello e a empresa AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA DE ZAMORA o prazo do contrato é de dous anos As prestacións realizaranse entre o 1 de novembro e o 15 de xaneiro. Así mesmo, están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha. Correspondéndolle a primeira prórroga do contrato no período comprendido entre 01/09/2023 e o 30/08/2024.

**Terceiro.-** A tal fin e tendo en conta que a notificación do prazo de preaviso do interese deste Concello na prórroga do contrato previsto no prego de clausulas administrativas se realizou fora do prazo establecido neste, notificouselle con data 02/03/2023, polo que consta no expediente a aceptación do contratista á prórroga do contrato de data 17 de marzo de 2023 presentada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 230070056).

**Cuarto.-** A prestación do servizo durante o prazo de vixencia do contrato viuse desenvolvendo de forma correcta e satisfactoria para os intereses municipais.

**Quinto.-** En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo a aprobación polo órgano de contratación .

**Sexto.-** Así mesmo establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporarase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación:
Partida: 4310 2279901 "Programa de decoración y animación Nadal".

**Sétimo.**- Conforme ao contrato firmado o 31 de agosto de 2021 e a oferta presentada pola empresa AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA DE ZAMORA para o contrato mixto para a realización dunha exposición Belenística na Campaña de Nadal é de 67.760,00 euros (IVE engadido), correspondéndolle ao ano 2023 a cantidade de 56.078,18 euros e ao ano 2024 a cantidade de 11.681,82 euros.

Non obstante a empresa aporta o certificado da exención do IVE de data 25 de xaneiro de 2005, unido este a documentación administrativa no expediente (tramite 204), e así mesmo presentan un escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de data 10/05/2023 (doc. 230127583) no cal a Agrupación Belenista La Morana de Zamora comunica que se

acollen a exención do IVE, quedando o prezo do contrato en 56.000,00 euros correspondéndolle ao ano 2023 a cantidade de 46.345,60 euros e o ano 2024 a cantidade de 9.654,40 euros.

**Octavo-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto, e sendo conforme ao contrato a prestación de servizos que se ven desenvolvendo, e ante a necesidade de continuar ca mesma, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, o concelleiro delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**

***"PRIMEIRO.***- *Aprobar a primeira prórroga anual do contrato mixto para a realización dunha exposición Belenística na Campaña de Nadal 2023-2024, con efectos a partir do día 01/09/2023 ata o 30/08/2024, adxudicado a empresa* ***AGRUPACIÓN BELENISTA LA MORANA DE ZAMORA,*** *CIF ***1809>> cas seguintes condicións:*

*a) Prezo da prorroga anual do contrato polo importe 56.000,00 euros, (exento IVE )*

*b) Incrementa a superficie de exposición del belén en 26 m2.*

*c) Propón unha programación de actividades guiadas para grupos e/ou organizacións de carácter social con un tempo de duración de 50 horas.*

*d) Comprometese a incorporar 10 unidades de elementos ornamentais que representen figuras locais.*

*e) Prazo de execución da exposición do 01 de novembro de 2023 ao 15 de xaneiro de 2024.*

*f) Prazo de redacción e presentación do novo proxecto expositivo, no caso de optar o Concello pola segunda e última prórroga, do 16 de xaneiro ao 31 de marzo de 2024.*

***SEGUNDO.-*** *Aprobar o gasto de 56.000,00 € (exento de IVE) con cargo á partida 4310 227 9901 "Programa de decoración y animación Nadal" conforme a seguinte execución das anualidades de gasto:*

*2023: do 01/11 ao 31/12 = 46.345,60 €*
*2024: do 01/01 ao 15/01 = 9.654,40 €*

***TERCEIRO.-*** *Notificar o presente acordo ao adxudicatario"*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(538).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS. EXPTE. 3120/334.**

Visto o informe de fiscalización do 26/06/2023 dáse conta da proposta do 23/06/2023 da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334)**

**<u>LEXISLACIÓN APLICABLE</u>**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasposñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334)

**<u>ANTECEDENTES</u>**

**Primeiro.-** Con data do 29 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

> "***Primeiro.-****Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do servizo de formación e dinamización en lingua e cultura galegas.*
>
> ***Segundo.-****Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira delegada con data do 10 de novembro de 2022.*
>
> ***Terceiro.-****Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación con data do 29 de novembro de 2022.*
>
> ***Cuarto.-****Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 38.386,04 € ; cun importe correspondente ao 21 % de IVE de 6.662,03 €. O valor estimado do contrato de 47.586,00 €.*

***Quinto.-****Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes; será cargado á aplicación orzamentaria 3341.227.99.06 (Cursos, xornadas, seminarios) segundo a seguinte distribución de anualidades:*

*Sen prórroga:*

| *Partida orzamentaria* | *2023* | *2024* |
|---|---|---|
| *3341.2260600 (Cursos, xornadas, seminarios)* | *19.193,02 €* | *19.193,02 €* |

*Con prórroga:*

| *Partida orzamentaria* | *2023* | *2024* | *2025* |
|---|---|---|---|
| *3341.2260600 (Cursos, xor-nadas, seminarios)* | *19.193,02 €* | *19.193,02 €* | *19.193,02 €* |

*As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.*

***Sexto-****Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de maio de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3.120-334) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *NORFORMACIÓN S.L.* | *92 puntos* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN S.L. (B-36.343.218), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NORFORMACIÓN S.L., o día 26 de maio de 2023, que presenta a documentación requirida o 8 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xuño de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días ao devandito licitador para que puidesen emendar a documentación presentada e, este, durante o prazo concedido a documentación en data 20 de xuño de 2023.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NORFORMACIÓN S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NORFORMACIÓN S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 19 de maio de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 24 de maio de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> *"Adxudicar a NORFORMACIÓN S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e dinamización da lingua e cultura galegas (3120-334) (lote 3) coas seguintes condicións:*
>
> *a) Propón unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios do lote 3 do 5,1 %.*
> *b) Comprométese a deseñar, realizar e valorar enquisas, ou outro medio de estudo avaliativo, que permitan avaliar o nivel de satisfacción das actividades ofertadas conforme ao previsto no apartado 7B desta FEC.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(539).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. EXPTE. 12024/224.**

Visto o informe de fiscalización do 30/06/2023 dáse conta da proposta da mesma data da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a "Xestión e dinamización da Casa das Mulleres".*
*Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración xeral e xefa do Servizo de Contratación o 4 de abril de 2023.*
*Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 3 de abril de 2023.*
*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 78.139,60 € que inclúe un IVE (21%) de 13.561,42 €, para a contratación da "Xestión e dinamización da Casa das Mulleres", que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Dinamización Casa das Mulleres" 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros dos exercicios 2024 e 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 6.156,45 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, 39.069,80 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2024, e 32.913,35 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2025.*
*Primeiro.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de ALVALOP SERVICIOS XXI por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación")*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL* | *97,25* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 20 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida os días 24 e 29 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor de data 5 de xuño de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 9 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de ALVALOP SERVICIOS XXI por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación")*

2. *Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224) coas seguintes condicións:*

   a) *O prezo total do contrato é de 36.300,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.300,00 euros.*
   b) *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo a maiores no mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP (6 meses) en 30 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(540).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO. EXPTE. 12025/224.**
Visto o informe de fiscalización do 30/06/2023, e proposta da mesma data da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

**11.- Propostas de adxudicación**

**c) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se trasponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a "Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas".*
*Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 17 de abril de 2023.*
*Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 22 de marzo de 2023.*
*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 63.957,52 € que inclúe un IVE (21%) de 11.100,06 €, para a contratación da "Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas", que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros dos exercicios 2024 e 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 5.039,08 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, 31.978,76 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2024, e 26.939,68 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2025.*
*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de xuño de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP (“De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación”).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| *1* | *XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL* | *99,50* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 23 de xuño de 2023, que presenta a documentación requirida o 24 e o 29 de xuño de 2023, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de xuño de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor de data 5 de xuño de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación do 9 de xuño de 2023 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación na súa proposición avaliable a través de fórmula ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP (“De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación”).*

2. *Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento* aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224) *coas seguintes condicións:*

   *a) O prezo total do contrato é de 31.978,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.550,03 euros.*
   *b) O persoal a adscribir ao contrato (con categoría de técnica de Biblioteca) conta con 24,6 meses de experiencia (a maiores de 6 meses).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(541).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6896/241.**
Visto o informe de fiscalización do 28/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 27/06/2023, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas (LPAC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (PPT)

**ANTECEDENTES**

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), en sesión do 16 de outubro de 2020, adxudicou á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN S.L. (A-46.609.541 e B-36.938.827, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446), consonte co prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local o 13 de maio de 2020, e a oferta presentada.

O referido contrato formalizouse en documento administrativo o 12 e 14 de xaneiro de 2021, por un prazo de 5 anos, contado a partir do día 16 de xaneiro de 2021. As prestacións vinculadas á "*Conservación e reposición do parque do Castro*" comezarán a executarse nesa data, e o resto o día 1 de febreiro de 2021. Non se contempla prórroga ningunha.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 21 de outubro de 2021, acordou modificar este contrato para a incorporación de novas zonas verdes (por disolución de Entidades de Conservación Urbanística, recepción de humanizacións ou cesións que non puideron terse en conta no seu día) e pola detracción de zonas cuxo mantemento pasou a ser obxecto de contratos doutra administración (expte. 6.670-335). Esta modificación supuxo un incremento do importe total do contrato de 483.807,83 euros, representando un 1,44% do prezo do contrato. Formalizouse o 26 de outubro de 2021.

**Terceiro.-** O 14 de abril de 2023 o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, de acordo coa cláusula 15.E) das FEC do Prego de cláusulas administrativas, solicitou á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L. un estudio de necesidades e rendementos derivados dos servizos a executar sobre diferentes zonas, instalacións ou equipamentos obxecto do contrato. O referido estudo foi remitido o 15 de maio de 2023.

**Cuarto.-** O 16 de maio de 2023 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (responsable do contrato), coa conformidade do concelleiro delegado, solicitan unha nova modificación do contrato para a incorporación de novas zonas verdes correspondentes a entidades de conservación urbanística, tras a aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e para a incorporación de zonas verdes de nova creación que non puideron ser recollidas no seu día debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies. Con data do 12 de xuño de 2023, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro delegado, emite un novo informe que corrixe o anterior.

**Quinto.-** Con data do 14 de xuño de 2023 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a segunda modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista ao día seguinte.

**Sexto.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

**Lexislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

**-II-**

**Da modificación dos contratos**

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigo 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a

límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego contempla a modificación do contrato nos seguintes termos:

*"A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*

*B) ASPECTOS A MODIFICAR: diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato*

*C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*

- *Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.*
- *Incorporación de novas zonas.*

*D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: a porcentaxe máxima de modificación do contrato non superará o 20% do prezo de adxudicación do contrato*

*E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:*

*O adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades e rendementos derivadas dos servizos a executar sobre as zoas, instalacións ou equipamento obxecto da solicitude.*

*O estudo deberá establecer cales son os $m^2$ vinculados, así como os rendementos adecuados, os cales deberán atoparse xustificados na aplicación de rendementos reais de superficies equiparables do servizos incluídos no PLAN DE SERVIZOS vixente en cada momento. A dito informe sobre $m^2$ de superficies e rendementos se lles aplicará a proposta de frecuencias demandadas polo Concello de Vigo a través do responsable do contrato, do cal se determinará o custe para a realización dos servizos obxecto da modificación".*

O apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP recolle os prezos unitarios que serán de aplicación no suposto de modificación do contrato.
A modificación obxecto deste informe vén motivada pola incorporación de novas zonas verdes correspondentes a entidades de conservación urbanística, tras a aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e pola incorporación de zonas verdes de nova creación que non puideron ser recollidas no seu día debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.

Informa ao respecto o 12 de xuño de 2023 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro delegado, xustificando a concorrencia das circunstancias que permiten a modificación:

*"[...] 2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO*

> *Na Cláusula 15 das FEC, especifícase a modificación do contrato:*
> *A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si.*
> *B) ASPECTOS A MODIFICAR: diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato*
> *C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*
> *Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.*
> *Incorporación de novas zonas.*
> *D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: a porcentaxe máxima de modificación do contrato non superará o 20% do prezo de adxudicación do contrato*
> *E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN:*
> *O adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades e rendementos derivadas dos servizos a executar sobre as zoas, instalacións ou equipamento obxecto da solicitude.*
> *O estudo deberá establecer cales son os m2 vinculados, así como os rendementos adecuados, os cales deberán atoparse xustificados na aplicación de rendementos reais de superficies equiparables do servizos incluídos no PLAN DE SERVIZOS vixente en cada momento. A dito informe sobre m2 de superficies e rendementos se lles aplicará a proposta de frecuencias demandadas polo Concello de Vigo a través do responsable do contrato, do cal se determinará o custe para a realización dos servizos obxecto da modificación.*

*O prego de prescricións técnicas contempla a posibilidade de modificación do contrato indicando que: "O adxudicatario admitirá e asumirá para a súa conservación e reposición, tanto as zonas verdes de nova creación como as existentes que, con motivo de obra nova, ampliacións, humanizacións, reformas, recepcións de urbanizacións, u outras fórmulas legalmente previstas, incrementen as superficies de actuación municipal dentro de cada zona; igualmente aquelas que a concellería, por proposta do departamento de Montes, Parques e Xardíns aconselle que a súa conservación e reposición se realice con medios alleos ao Concello, nas mesmas condicións que o resto da adxudicación, coa correspondente valoración individual. O pago destes servizos comezará a ser efectivo unha vez que se aprobe polo órgano de contratación a modificación contractual de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, aplicando o pago dende a aprobación do gasto polo citado órgano. As novas superficies que deben ser incorporadas ao contrato pasarán a ser obxecto de conservación, mantemento e reposición por parte da adxudicataria de maneira inmediata desde a data de comunicación oficial, por parte do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, unha vez aprobada a modificación polo órgano competente, con independencia do resultado da inspección que poida realizar o persoal da empresa adxudicataria, así como das posteriores responsabilidades que deban asumir os entes executores das novas zonas. Procederase a inventariar e comprobar o estado da zona verde con todos os elementos que a conforman."*

*A modificación do contrato pode supoñer unha diminución e/ou incremento das zonas verdes obxecto do mesmo, sendo as circunstancias que determinan esa*

*modificación, os cambios na superficie das zonas verdes incluídas no prego, a desaparición dalgunhas desas zonas e a incorporación de novas zonas verdes.*

*Desde a tramitación da primeira ampliación do contrato producíronse alteracións na relación de zonas verdes, xardineiras e arborado obxecto do contrato por:*

- *Incorporación de novas zonas verdes correspondentes a Entidades de Conservación Urbanística, trala aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.*
- *Incorporación de zonas verdes de nova creación que non puideron ser recollidas no seu día debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.*

*Todas estas circunstancias obrigan a realización periódica dunha nova actualización do inventario para poder levar a cabo a conservación e mantemento daquelas zonas que, na actualidade, carecen de programa de mantemento, podendo sufrir deterioro importantes que dea lugar a unha mingua do patrimonio municipal; e, polo tanto, á necesidade de tramitación dun novo expediente de modificación do contrato que terá que aprobar a Xunta de Goberno Local.*

*Os prezos unitarios ofertados pola UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L., e aprobados pola XGL na súa sesión de data 16 de outubro de 2020, supoñen unha baixa do 1,57% sobre o orzamento inicial. Aplicando esta porcentaxe de baixa, os prezos unitarios correspondentes a cada unha das tipoloxías son:*

| ***Zonas Verdes*** | ***Prezo Unitario (€/ano)*** | ***Baixa Adxudicación*** | ***Prezo Unitario Vixente (€/ano)*** |
|---|---|---|---|
| *Tipoloxía A (Has)* | *29.132,48 €* | *1,57%* | *28.675,10 €* |
| *Tipoloxía B (Has)* | *18.965,08 €* | *1,57%* | *18.667,33 €* |
| *Tipoloxía C (Has)* | *17.696,53 €* | *1,57%* | *17.418,69 €* |
| *Tipoloxía D (Has)* | *9.884,86 €* | *1,57%* | *9.729,67 €* |
| *Tipoloxía E (Has)* | *9.010,05 €* | *1,57%* | *8.868,59 €* |
| *Tipoloxía H (Has)* | *6.949,02 €* | *1,57%* | *6.839,92 €* |
| *Tipoloxía M (Has)* | *9.750,29 €* | *1,57%* | *9.597,21 €* |
| *Tipoloxía R (Has)* | *29.106,87€* | *1,57%* | *28.649,89 €* |
| *Tipoloxía F (Has)* | *3.508,62 €* | *1,57%* | *3.453,53 €* |
| *Arborado. (unidades)* | *109,66 €* | *1,57%* | *107,94 €* |
| *Xardineiras ($m^2$)* | *146,79 €* | *1,57%* | *144,49 €* |
| *Xardineiras colgantes (unidades)* | *146,09 €* | *1,57%* | *143,80 €* |
| *Xardineiras individuais (unidades)* | *146,09 €* | *1,57%* | *143,80 €* |

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Oliveira Senlleira* | *4.327,16 €* | *1,57%* | *4.259,22 €* |

*2.1.- PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN*

*As superficies ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da primeira modificación do contrato acordada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 21 de outubro de 2021 (expediente 6670/241), son consecuencia de reaxustes en superficies públicas existentes no ámbito do contrato, identificadas como zonas verdes, xardineiras ou arborado, así como de incorporación de novas áreas froito de recepcións e humanizacións.*

*As zonas obxecto de modificación aparecen reflectidas nos anexos que se incorporan ao presente informe, e na elaboración destes anexos tívose en conta os datos remitidos pola empresa para dar cumprimento á cláusula 15.E) das FEC do Prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato 128537/446. Nestes anexos incluíronse áreas que se prevé que o seu mantemento e conservación pase ao Concello no tempo de tramitación do expediente, no suposto de que a tramitación se atrase, as áreas descontaranse da factura mensual ata que sexan recepcionadas.*

| ***Zonas Verdes*** | ***Listado da adxudicación*** | ***Listado da modificación*** | ***Superficie/unidades*** |
|---|---|---|---|
| *Tipoloxía A (Has)* | *3,7525* | *0,0315* | *3,784* |
| *Tipoloxía B (Has)* | *68,2704* | *1,0783* | *69,3487* |
| *Tipoloxía C (Has)* | *79,3474* | *4,7123* | *84,0597* |
| *Tipoloxía D (Has)* | *18,3488* | *-0,4807* | *17,8681* |
| *Tipoloxía E (Has)* | *24,3230* | *-0,8033* | *23,5197* |
| *Tipoloxía H (Has)* | *1,8463* | *0,0000* | *1,8463* |
| *Tipoloxía M (Has)* | *14,7033* | *-0,0020* | *14,7013* |
| *Tipoloxía R (Has)* | *8,5245* | *-0,0306* | *8,4939* |
| *Tipoloxía F (Has)* | *88,4775* | *-4,0996* | *84,3779* |
| *Arborado. (unidades)* | *11.248* | *-27* | *11.221* |
| *Xardineiras (m$^2$)* | *11.882,51* | *2.652,52* | *14.535,03* |
| *Xardineiras colgantes (unidades)* | *128* | *0* | *128* |
| *Xardineiras individuais (unidades)* | *173* | *14* | *187* |
| *Oliveira Senlleira* | *1* | *0* | *1* |

*O cálculo do valor económico da ampliación farase aplicando ao valor da superficie a ampliar ou detraer para cada tipoloxía o prezo unitario correspondente, segundo o previsto no apartado 3.G) das FEC; prezo sobre o que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario sobre o contido económico inicial do contrato, contemplado no apartado 3.A) das citadas FEC.*

*Os importes correspondentes ás superficies modificadas son:*

| | *Superficies* | *Prezo Unitario* | *Importe anual* |
|---|---|---|---|
| *Tipoloxía A (Has)* | *0,0315* | *28.675,10 €* | *903,27 €* |
| *Tipoloxía B (Has)* | *1,0783* | *18.667,33 €* | *20.128,98 €* |
| *Tipoloxía C (Has)* | *4,7123* | *17.418,69 €* | *82.082,09 €* |
| *Tipoloxía D (Has)* | *-0,4807* | *9.729,67 €* | *-4.677,05 €* |
| *Tipoloxía E (Has)* | *-0,8033* | *8.868,59 €* | *-7.124,14 €* |
| *Tipoloxía H (Has)* | *0,0000* | *6.839,92 €* | *0,00 €* |
| *Tipoloxía M (Has)* | *-0,0020* | *9.597,21 €* | *-19,19 €* |
| *Tipoloxía R (Has)* | *-0,0306* | *28.649,89 €* | *-876,69 €* |
| *Tipoloxía F (Has)* | *-4,0996* | *3.453,53 €* | *-14.158,09 €* |
| *Arborado. (unidades)* | *-27* | *107,94 €* | *-2.914,38 €* |
| *Xardineiras ($m^2$)* | *2.652,52* | *144,49 €* | *383.262,61 €* |
| *Xardineiras colgantes (unidades)* | *0* | *143,80 €* | *0,00 €* |
| *Xardineiras individuais (unidades)* | *14* | *143,80 €* | *2.013,20 €* |
| *Oliveira Senlleira* | *0* | *4.259,22 €* | *0,00 €* |
| | | *TOTAL* | *458.620,61 €* |

*O importe económico anual resultado dos cambios de superficie desta segunda modificación é de 458.620,61 €/ano. (38.218,38 €/mes). A determinación do prezo total da ampliación quedará definida pola condición dos prazos de inicio do contrato. Estímase que a prestación dos servizos en todas as áreas incorporadas á modificación iniciaranse o vindeiro 1 de xullo de 2023.*

| ***Ano de aplicación*** | ***Período*** | ***Importe económico (€/ano)*** | ***% adxudicación do prezo do contrato*** |
|---|---|---|---|
| *Ano 2023* | *Do 1 de xullo ao 31 de decembro* | *229.310,30 €* | *0,68%* |
| *Ano 2024* | *Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro* | *458.620,61 €* | *1,36%* |
| *Ano 2025* | *Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro* | *458.620,61 €* | *1,36%* |
| *Ano 2026* | *Do 1 de xaneiro ao 15 de xaneiro* | *19.109,19 €* | *0,06%* |
| ***Total*** | | *1.165.660,71 €* | *3,46%* |

*A porcentaxe desta segunda modificación, 3,46%, sumado ao da primeira, 1,44%, alcanzan un total de 4,9%, que non supera o 20% do prezo de adxudicación do contrato, porcentaxe máxima de modificación do mesmo que recolle o prego de cláusulas administrativas no apartado 15.D das follas de características do contrato (FEC). O importe da modificación será imputable ao Concello e supón un total anual de 458.620,61 € e, polo tanto, un incremento na certificación mensual de 38.218,38 €; cantidade que se aboará ao contratista a partir da data de entrada en vigor do contrato da presente ampliación, trala sinatura previa do mesmo polas partes.*

*Este importe anual pódese cargar á partida 1710.2279901 MANTEMENTO XARDÍNS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS.*

*En cumprimento da cláusula 29 "Persoal do contratista" do prego de cláusulas administrativas, en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ao servizo, sendo ao seu cargo o incremento dos custes que se produzan por tal causa. Do mesmo xeito, deberá dispor dos medios materiais e vehículos necesarios para o cumprimento do nivel de calidade que indica o prego de prescricións técnicas.*

*Achéganse os listados necesarios especificando as modificacións realizadas".*

O informe transcrito contén un anexo cos planos das zonas obxecto de modificación.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece á incorporación de novas zonas verdes correspondentes a entidades de conservación urbanística, tras a aprobación expresa da súa disolución por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e á incorporación de zonas verdes de nova creación que non puideron ser

recollidas no seu día debido a que non estaban rematadas as obras, recibidas as humanizacións ou cedidas ao Concello as superficies.

- Supón un incremento do prezo do contrato de 1.165.660,71 euros (458.620,61 euros/ano), que equivale a un 3,46% do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

**-III-**

**Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación está prevista no PCAP e a porcentaxe da modificación é moi inferior ao 20%. Consta no expediente conformidade do contratista coa modificación proposta de data 19 de xuño de 2023 (documento nº 230170409).

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público que é garantir o mantemento das zonas verdes e os parques forestais de competencia municipal (competencia obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.d e 81.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia).

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do informe do servizo xestor, a modificación ascende a 1.165.660,71 euros (458.620,61 euros/ano), que se imputarán á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTEMENTO XARDÍNS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS:

| Ano de aplicación | Período | Importe económico (€/ano) | % adxudicación do prezo do contrato |
|---|---|---|---|
| Ano 2023 | Do 1 de xullo ao 31 de decembro | 229.310,30 € | 0,68% |
| Ano 2024 | Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro | 458.620,61 € | 1,36% |
| Ano 2025 | Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro | 458.620,61 € | 1,36% |
| Ano 2026 | Do 1 de xaneiro ao 15 de xaneiro | 19.109,19 € | 0,06% |
| **Total** | | **1.165.660,71 €** | 3,46% |

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Aínda que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, como a modificación non se atopa nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205, non é necesario o anuncio da modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicarase esta modificación ao Consello de Contas.

## -IV-
## Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico

procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do "*5% do importe de adxudicación IVE excluído*", o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 48.167,80 euros.

**-V-**

**Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

**-VI-**

**Recursos**

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("*As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación*").

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**-VII-**

**Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

## -VIII-

## Proposta de acordo

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

***“1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (expte. 12.853-446), nos termos sinalados neste informe.***

***2º.- Esta segunda modificación supón un incremento do importe total do contrato de 1.165.660,71 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTEMENTO XARDÍNS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS, coa seguinte distribución de anualidades:***

| **Ano de aplicación** | **Período** | **Importe económico (€/ano)** | **% adxudicación do prezo do contrato** |
|---|---|---|---|
| Ano 2023 | Do 1 de xullo ao 31 de decembro | 229.310,30 € | 0,68% |
| Ano 2024 | Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro | 458.620,61 € | 1,36% |
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(544).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DA TAXA DE LIXO VIVIENDA DO ANO 2023. EXPTE: 82712/513.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, de data 14/06/2023, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 14 de xuño de 2023,

**RESOLVO:**

1. **Aprobar o Padrón fiscal da taxa da recollida do lixo de vivendas do exercicio 2023,** por un importe total de **12.265.238,70**.- **Euros, (DOCE MILLÓNS, DOUSCENTOS SESENTA E CINCO MIL, DOUSCENTOS TRINTA E OITO, CON SETENTA CÉNTIMOS),** que consta de **145.565** inscricións, segundo a relación nominal de suxeitos pasivos que comeza pola inscrición nº 128.839 que figura a nome de Dª MARÍA CARMEN FERNÁNDEZ ABALDE polo obxecto tributario de CM A LATIÑA Nº 12, e remata coa inscrición nº 17.348 que figura a nome de D. JOSÉ MANUEL COLLAZO PIAY polo obxecto tributario de ZARAGOZA 62 6º F.

2. **Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(545).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN DE APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAS DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, CURSO 2023/2024. EXPTE: 44992/332.**
Dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Educación, de data 15/06/2023, que di o seguinte:

Vista a proposta contida no informe da Xefa do Servizo de Educación de data 14 de xuño de 2023, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2023/2024 e atendendo ao disposto no artigo 124.4 Lei 7/1985, reguladora das

bases de réxime local, e á Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, e base duodécima das "Normas para a Adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2023-2024"

**RESOLVO**:

1) Estimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 1 (Aitor Marcuño Ramos), nº 5 (Daniel Villamarín Alvarez), nº 6 (Pamela Massiel Gómez Rodríguez), nº 8 (Santiago José Martínez Rodríguez), nº 9 (David García Oterino), n.º 13 (Edith González Cabaleiro), nº 14 (Ingrid Vanessa Sierra Ortega) e nº 16 (Pablo Guede Gallego) do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2023-2024" deste informe.

2) Desestimar, polas razóns expostas en cada caso, as reclamacións nº 2 (Sofía Teira García), nº 3 (Vanessa Cedrés Rodríguez), nº 7 (Alexandre González Rodríguez), nº 10 (Cristina Sueiro López), nº 11 (María Ana Pardellas Otero), nº 12 (Diego Pérez Rodríguez) e nº 15 (Leonardo Leite Camello) do Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2023-2024" deste informe.

3) Estimar parcialmente a reclamación nº 4 (Cándido Alonso Alvarez), polas razóns expostas no Anexo I "Modificacións ás listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2023-2024" deste informe.

4) Excluir, polas razóns expostas no Anexo II "Exclusións das listaxes provisionais de admisión ás escolas infantís municipais para o curso 2023-2024", deste informe, os/as seguintes solicitantes: Olivia Mouriño Molanes, Kiara Pérez Boschetti, Lucca Gonda Chamorro, Nuno Caride Graña, Lucas Delgado-Agulera Peña, Unai Alonso Freire, Leo Otero Prieto, Paula González Fernandez, Lucas Fernández Pereira, Iria González Barreira, Chloe Bar Pardellas e Eli Pérez Quitas.

5) Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e de agarda da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM) para o curso 2023/2024 das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Mestres Goldar-Castrelos, Santa Marta (previsto traslado a Praza da Industria), Tomás Alonso, Atalaia-Teis, Navia, Bouzas, Costeira-Saiáns e Bembrive, que se achegan a esta resolución.

Dispoñer a súa publicación na páxina web: escolasvigo.org/reim

6) Contra a presente resolución poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución.

Desta Resolución darase conta á próxima Xunta de Goberno Local.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(546).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. ANO 2023. EXPTE 102952/140.**

Dáse conta d**o i**nforme-proposta do 30/06/2023, asinado pola xefa do servizo de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DAS ORDES DE PAGO A XUSTIFICAR (ANO 2023 – 3º).

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2023.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

| Habilitado | Nºpagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificación | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 202300039511 | 9120.2200100 | 800,00 | 782,70 | 29/03/23 | 20/06/23 | 29/06/23 | 17,30 | 0,00 |
| Abalde Comesaña Raquel | 202300039512 | 9120.2310000 | 500,00 | 202,99 | 29/03/23 | 22/06/23 | 29/06/23 | 297,01 | 0,00 |
| Abalde Comesaña Raquel | 202300039513 | 9120.2269900 | 500,00 | 571,93 | 29/03/23 | 20/06/23 | 29/06/23 | 0,00 | 71,93 |
| Fernández Fernández Paz | 202300028163 | 2310.4800000 | 300.000,00 | 268.838,28 | 07/03/23 | 12/06/23 | 07/06/23 | 31.161,72 | 0,00 |

Concello de Vigo

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| García Álvarez Luis | 202300039597 | 2311.4800000 | 4.500,00 | 3.850,00 | 30/03/23 | 28/06/23 | 30/06/23 | 650,00 | 0,00 |
| Viturro Gómez Marcos | 202300033198 | 9201.2260300 | 3.000,00 | 1.718,38 | 14/03/23 | 06/06/23 | 14/06/23 | 1.281,62 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300037989 | 1320.2140000 | 1.000,00 | 0,00 | 17/03/23 | 14/06/23 | 17/06/23 | 1.000,00 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300037990 | 1320.2200000 | 200,00 | 82,12 | 17/03/23 | 08/06/23 | 17/06/23 | 117,88 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300039575 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 897,59 | 30/03/23 | 28/06/23 | 30/06/23 | 102,41 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300040073 | 1320.2190000 | 500,00 | 31,04 | 03/04/23 | 06/06/23 | 03/07/23 | 468,96 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300040074 | 1320.2120000 | 1.000,00 | 208,97 | 03/04/23 | 09/06/23 | 03/07/23 | 791,03 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300048964 | 1320.2250200 | 3.000,00 | 398,21 | 21/04/23 | 02/06/23 | 21/07/23 | 2.601,79 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300048965 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 239,08 | 21/04/23 | 15/06/23 | 21/07/23 | 760,92 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300048966 | 1320.2312000 | 200,00 | 43,00 | 21/04/23 | 22/06/23 | 21/07/23 | 157,00 | 0,00 |
| **TOTAL** | | | 317.200,00 | 277.864,29 | | | | 39.407,64 | 71,93 |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| Alcance da fiscalización | Si | Non |
|---|---|---|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción da orde de pago a xustificar n.º 202300028163 de Fernández Fernández Paz. | ✔ | |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✔ | |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos. | ✔ | |
| Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante. | ✔ | |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante. | ✔ | |

Resultado da fiscalización

| De conformidade | Con observacións | De disconformidade |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| ✔ | A orde de pago a xustificar n.º 202300028163 de Fernández Fernández Paz non se rendiu no prazo normativamente establecido. | |

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

**PROPOSTA**

A base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2023 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a este órgano a aprobación das seguintes:

| Habilitado | Nºpagamento | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificación | Data legal de xustificación | Reintegro | S/ a favor |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Abalde Comesaña Raquel | 202300039511 | 9120.2200100 | 800,00 | 782,70 | 29/03/23 | 20/06/23 | 29/06/23 | 17,30 | 0,00 |
| Abalde Comesaña Raquel | 202300039512 | 9120.2310000 | 500,00 | 202,99 | 29/03/23 | 22/06/23 | 29/06/23 | 297,01 | 0,00 |
| Abalde Comesaña Raquel | 202300039513 | 9120.2269900 | 500,00 | 571,93 | 29/03/23 | 20/06/23 | 29/06/23 | 0,00 | 71,93 |
| Fernández Fernández Paz | 202300028163 | 2310.4800000 | 300.000,00 | 268.838,28 | 07/03/23 | 12/06/23 | 07/06/23 | 31.161,72 | 0,00 |
| García Álvarez Luis | 202300039597 | 2311.4800000 | 4.500,00 | 3.850,00 | 30/03/23 | 28/06/23 | 30/06/23 | 650,00 | 0,00 |
| Viturro Gómez Marcos | 202300033198 | 9201.2260300 | 3.000,00 | 1.718,38 | 14/03/23 | 06/06/23 | 14/06/23 | 1.281,62 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300037989 | 1320.2140000 | 1.000,00 | 0,00 | 17/03/23 | 14/06/23 | 17/06/23 | 1.000,00 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300037990 | 1320.2200000 | 200,00 | 82,12 | 17/03/23 | 08/06/23 | 17/06/23 | 117,88 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300039575 | 1320.2219900 | 1.000,00 | 897,59 | 30/03/23 | 28/06/23 | 30/06/23 | 102,41 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300040073 | 1320.2190000 | 500,00 | 31,04 | 03/04/23 | 06/06/23 | 03/07/23 | 468,96 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300040074 | 1320.2120000 | 1.000,00 | 208,97 | 03/04/23 | 09/06/23 | 03/07/23 | 791,03 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300048964 | 1320.2250200 | 3.000,00 | 398,21 | 21/04/23 | 02/06/23 | 21/07/23 | 2.601,79 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300048965 | 1320.2269900 | 1.000,00 | 239,08 | 21/04/23 | 15/06/23 | 21/07/23 | 760,92 | 0,00 |
| Vivero Mijares Antonio | 202300048966 | 1320.2312000 | 200,00 | 43,00 | 21/04/23 | 22/06/23 | 21/07/23 | 157,00 | 0,00 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **TOTAL** | | | 317.200,00 | 277.864,29 | | | | 39.407,64 | 71,93 |

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 13(547).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15600/445.

Visto o informe xurídico do 23/06/2023 e o informe de fiscalización do 26/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 24/05/2023, asinado pola técnica de xestión, o técnico de administración xeral e xefe do servizo administrativo de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

**I.-** O parque móbil do Concello de Vigo componse actualmente de 210 vehículos, destinados a desempeñar todos eles diferentes funcións en servizos municipais.

Hoxe e día a maioría destes vehículos son moi antigos polo que precisa unha renovación gradual e axustada os servizos que actualmente prestan en condicións adecuadas de sustentabilidade económica e ambiental, asemade de vehículos dotados coa actualización en medidas de seguridade, tanto activas como pasivas adecuadas á normativa vixente.

Polo exposto, é necesario a contratación do subministro de vehículos de diferentes características co obxectivo da renovación do propio parque de vehículos, debido a imposibilidade de seguir mantendo os mesmos, por falta de pezas, por superar amplamente os custes de mantemento en relación ao valor venal dos mesmos e non cumprir as especificacións en materia de seguridade e saúde e ambiental en vixencia na actualidade.

**II.-** Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse por medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato a subministración de vehículos novos para o parque móbil, mediante a modalidade de adquisición, de modo que permita desenvolver os diferentes servizos que se prestan no exercicio das

súas competencias.

**III.-** En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de data 3 de febreiro de 2023.
**IV.-** No expediente inclúese a seguinte documentación:

a) Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en datas 1 e 2 de febreiro de 2023 pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Técnico de Administración Xeral (tte.7) ..

b) Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, data 3 de febreiro de 2023 acordando o inicio do expediente de contratación (tte.7) .

c) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 14 de febreiro de 2023 (tte. 11).

d) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 16 de maio de 2023 (tte. 36).

e) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 18 de maio de 2023 (tte. 37).

f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 18 e 19 de maio de 2023 (tte. 38).

g) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23 de maio de 2023 (tte. 41).

h).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23 de maio de 2023 (tte. 42).

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.1 LCSP);o seu carácter de contrato de non suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP, a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

**Sexto.**- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP e Disposición Adicional 8ª.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en 16 de maio de 2023.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23 de maio de 2023.

**Cuarto-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO VINTE E CINCO MIL CINCUENTA E SETE EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (125.057,31 €),** IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 21.704,16 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9202 6240000.- Adquisición de vehículos-, segundo a seguinte distribución de anualidades.

| | |
|---|---|
| 2023 | 125.057,31 € |

**Quinto.-** Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(548).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE DESBROCE E LIMPEZA DE BIOMASA VEXETAL EN FINCAS CON RISCO DE INCENDIOS. EXPTE. 50417/446.**
Visto o informe xurídico do 29/06/2023 e o informe de fiscalización do 30/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 08/06/2023, asinado a adxunta ao xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 19 de febreiro de 2021, acordou adxudicar á entidade mercantil EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36574200) o contrato de servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio (12747/446).

II.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022, acordou autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 19 de xullo de 2022 e o 18 de xullo de 2023, do contrato para a prestación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio dependente da concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, do que é adxudicataria a entidade mercantil, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200) (expte. 49939/446).

A prazo de execución da prórroga do contrato remata o vindeiro 18 de xullo de 2023.

III.- A cláusula 4.C das FEC do Prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Polo que, con data 2 de xuño de 2023, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, a proposta da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu iniciar a tramitación do expediente de 2ª prórroga do contrato maior de servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio (expte. 50417/446).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

O artigo 29 da citada norma, no seu apartado 4 sinala que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Na cláusula 4 do contrato disponse que o prazo do contrato será de 16 meses, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo, contemplándose dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e que o contratista non se opoña á mesma.

Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

En data 2 de maio de 2023, comunicouse á entidade EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L., mediante a notificación con número de rexistro de saída 22456-2023-1, a intención desta Administración de iniciar a tramitación da 2ª prórroga do contrato, outorgándolle un trámite de audiencia por un prazo de dez días para que formulase as alegacións que estimase procedentes.

A notificación foi recibida pola entidade en data 2 de maio de 2023 e, transcorrido o prazo outorgado, non consta que a empresa manifestase oposición á formalización dunha segunda prórroga.

Na actualidade, o servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de in-cendio desenvólvese conforme ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares, en canto aos labores de limpeza de fincas con risco de incendio e de tala das árbores

consideradas pirófitas na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Os traballos a levar a cabo durante a prestación do servizo consisten basicamente en:

1.- Corta das árbores pirófitas, principalmente Acacia, Piñeiro Común e Eucalipto, tanto en superficies horizontais como en pendente ou en zonas de especial risco.

Previamente á tala deberá procederse á protección axeitada, limpeza e acondicionamento das árbores de especies autóctonas protexidas e a conservar.

A corta das árbores aplicarase a aqueles exemplares cun diámetro superior á 10 cm e copa frondosa, realizarase con motoserra deixando o tocón da árbore enrasado co terreo e o tronco limpo de ramaxe e torado en tramos de 2,0 – 2,5 m de lonxitude.

2.- Desbroce e limpeza con medios mecánicos e acondicionamento da parcela con árbores e arbustivas de diámetro inferior á 10 cm., en todo tipo de terreos, tanto horizontais, como en taludes de calquera pendente ou en parcelas con difícil acceso para o transporte ou a maquinaria.

3.- Triturado dos restos vexetais procedentes do desbroce e/ou a tala, para incorporalo ao terreo a modo de fertilizante natural ou traslado á vertedoiro autorizado.

4.- Retirada dos restos da tala, ou apilado destes na propia parcela, en tamaños variables entre 2,0 m e 2,5 m de lonxitude, segundo ditame da Administración competente.

Para levar a cabo a prestación do servizo contratado, os técnicos municipais do servizo de Montes Parques e Xardíns, remitirán previamente á empresa adxudicataria a relación de parcelas nas que resulta necesario intervir facendo referencia aos labores de acondicionamento a levar a cabo para dar cumprimento ao artigo 21 da lei 3/2007 de Prevención de incendios e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato, consistente en aplicar un desconto único do 24,60% a todos os prezos unitarios fixados no apartado 3G) do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución da prórroga do contrato remata o 18 de xullo de 2023, polo que, debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio.

A tramitación deste expediente de segunda prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:

“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Ante o exposto, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Clásusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO**.- Autorizar a segunda prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 19 de xullo de 2023 e o 18 de xullo de 2024, do contrato para a prestación do servizo de desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendio, dependente da concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 19 de febreiro de 2021 (expte. 12747/446) e prórroga autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado en sesión ordinaria de data 14 de xullo de 2022 (expte. 49939/446).

O importe da prórroga será de 299.999,99€ euros, dos que 135.483,87€ corresponden ao orzamento do ano 2023 (do 19 de xullo ao 31 de decembro) e 164.516,12€ ao orzamento do ano 2024 (do 1 de xaneiro ao 18 de xullo de 2024), sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279900 “Desbroce e limpeza de masa vexetal fincas risco incendio”, manténdose no período de prórroga a mellora ofertada no contrato consistente en aplicar un desconto único do 24,60% a todos os prezos unitarios fixados no apartado 3G) do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

**SEGUNDO**.- Para dar efectividade á prórroga, mantense as garantías definitivas constituídas pola empresa, EXCAVACIONES Y DESBROCES ROCHA, S.L. (B-36.574.200), na Tesourería do Concello, por importe de 21.694,22 euros, segundo mandamento de ingreso número 202100008612, de data 5 de febreiro de 2021, nos mesmos termos do contrato adxudicado en data 19 de febreiro de 2021 (expte. 12747/446).

**TERCEIRO**.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.”

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(549).- AXUDAS DE CUSTO DE MANUTENCIÓN DOS OFICIAIS DA POLICÍA LOCAL, POLA SÚA ESTADÍA NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 204/2153.**
Visto o informe de intervención do 30/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 29/06/2023, asinado polo inspector principal, xefe en funcións da Policía Local e a concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- Na sesión do 15 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta de nomeamento dun oficial de Policía Local como funcionario en práctica o cal está incluído na Táboa 1 (fileira 11), pertencente á oferta pública dos anos 2014, 2015 e 2016 (Expte. 34065/220).

II.- Na sesión do 3 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta de nomeamento de 10 oficias de Policía Local como funcionarios en prácticas que constan na Táboa 1 (fileiras 1-10), pertencentes á oferta pública dos anos 2020 e 2021, ambos inclusive (Expte. 41763/220).

III.- No Diario Oficial de Galicia, número 33 do xoves 16 de febreiro de 2023, publícouse a Resolución do 9/02/2023 da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos da policía local.

Segundo dita Resolución, o curso selectivo desenvolverase entre o 10 de marzo de 2023 e o 27 de abril do 2023.

- De maneira presencial nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública os días:
    - Marzo (13 días): 10, 13, 14, 15, 16, 20, 21, 22, 23, 27, 28, 29 e 30.
    - Abril (7 días): 11, 12, 13, 18, 19, 26 e 27.

- De maneira telemática (con sesións de telepresenza que se indicarán ao comezo do curso)
    - Marzo (3 días): 17, 24 e 31
    - Abril (10 días): 3, 4, 5, 10, 14, 14, 17, 20, 21, 24 e 25

O horario do curso será como norma xeral das 10.00 ás 19.00 (mais haberá polo menos un día semanalmente en que o horario lectivo comezará ás 8.00 horas, que será comunicado no horario que se achegará ao alumnado o primeiro día do curso).

Tendo en conta o período teórico presencial establecido, así como a data de incorporación á AGASP dos funcionarios en prácticas, o número total de días de estadía dos alumnos en formación é de **20 xornadas por alumno**.

IV.- Non lles corresponden percibir dieta de aloxamento, ao estar sufragado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Policías Locais de Galicia, establece que o ingreso na categoría de oficial require, ademais da superación das probas selectivas establecidas na convocatoria, a aprobación dun curso de formación na AGASP.

II.- Artigos 7, 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por
razón do servizo.

De acordo coa clasificación do persoal do anexo I e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o custe de 28,21 euros día/persoa e 14,11 euros día/persoa por razón de media dieta de manutención.

Os 11 funcionarios e carreira estarán na AGASP **20 días (**13 días máximo con dereito a dieta enteira de manutención e 7 días mínimo con dereito a media dieta de manutención**)** con un gasto total máximo de manutención de **5.120,50 euros** (465,50 € / funcionario) que detállase a continuación:

O **custo das dietas enteiras de manutención** (13 días) ascende a 4.034,03 euros (366,73 € / funcionario), desglosados mensualmente da seguinte maneira:

- Mes de marzo 9 días (13, 14, 15, 20, 21, 22, 27, 28, 29).
- Mes de abril 4 días (11, 12, 18, 26).

O **custo das medias dietas de manutención** (7) ascende a 1.086,47 euros (98,77 € / funcionario), desglosados mensualmente da seguinte maneira:

- Mes de marzo 4 días (10, 16, 23, 30).
- Mes de abril 3 días (13, 19, 27).

III.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I, pertencen ao grupo 3 e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo, por razón do gasto por uso de vehículo particular a indemnización a percibir acadaría 0,19 euros/Km.

O percorrido entre o Concello de Vigo e a sede da AGASP é de 78,20 Km, segundo os datos facilitados pola aplicación "google maps"

Tendo en conta as datas e horarios do curso, o número total de viaxes máximos é de 40 e corresponden con dúas viaxes diarias nos días lectivos presenciais, mencionados anteriormente.

Polo tanto o custo máximo da quilometraxe polo uso do vehículo particular de cada un dos funcionarios polas 40 viaxes, ascende a **6.538,40** (29,72 € /alumno x día).

IV.- Tendo en conta as viaxes e datas indicadas no apartado anterior e segundo as tarifas por peaxe publicadas na web da mercantil Audasa, concesionaria da AP 9, en concepto de peaxes Vigo / Caldas por vehículo lixeiro é de 7,20 euros, o gasto máximo dos funcionarios en prácticas en peaxes ascende a **3.168,00 euros** (14,40 €/alumno x día).

Polo tanto, o gasto máximo total dos 11 funcionarios de carreira en gastos de desprazamento (quilometraxe máis peaxes) ata a finalización do curso de capacitación é de **9.706,40 euros** (882,40€ / funcionario).

No obstante, para o abono dos importes en concepto de uso de vehículo particular para o desprazamento á Academia Galega de Seguridade Pública, é necesaria a xustificación do gasto en peaxes, mediante "ticket factura" da empresa concesionaria e do quilometraxe e posterior comprobación.

V.-Requiridos os interesados a efectos da documentación acreditativa dos gastos, resulta que o importe total máximo do gasto a realizar é o seguinte:

1. Dietas: 5.000 euros
2. Locomoción: 3.800 euros

VI.- Nas seguintes aplicacións orzamentarias e na bolsa de vinculación ou nivel de vinculación xurídica dos créditos autorizados existe crédito adecuado e suficiente:

- 1320.2302001 (axudas custo Policía Escola Galega de Seguridade).

- 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo).

VII.- De conformidade co art. 127 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, a aprobación do gasto proposto é competencia da Xunta de Goberno Local.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, previa fiscalización da Intervención Xeral, o funcionario que subscribe ven en propoñer Á Concelleira delegada de Economía, Empresa e Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Autorizar o gasto de **8.800,00 euros €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- AXUDAS CUSTO POLICÍAS ESCOLA GAL. SEGURIDADE: **5.000,00 euros** á aplicación 1320.2302001 e o seu nivel de vinculación xurídica, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de dietas.
- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO, aplicación 1320.2312000: **3.800,00 euros** á aplicación 1320.2302001 e o seu nivel de vinculación xurídica, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de locomoción.

a prol dos 11 Oficias de Policía Local nomeados como funcionarios en prácticas que figuran na táboa 1, segundo Acordos da Xunta de Goberno Local nas sesións ordinarias do 15 de setembro de 2022 e 03 de marzo de 2023, polas 250 horas de duración do preceptivo curso selectivo de acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos de policía local a desenvolverse de xeito semipresencial na Academia Galega de Seguridade Pública.

**SEGUNDO.-** O abono farase previa xustificación pola AGASP da asistencia diaria dos funcionarios en prácticas ás clases.

**TERCEIRO.-** Dispor a minoración en **6.026,90 €** da autorización inicial de gasto por importe de **14.826,90 euros,** con reintegro na partida de procedencia.

Táboa 1.

| **FUNCIONARIOS POLICIAIS EN PRÁCTICAS** | | |
|---|---|---|
| | NOME E APELIDOS | DNI |
| 1 | M. Álvarez Pena | ***7224** |
| 2 | S. Pereira Castro | ***7748** |
| 3 | D. Conde Castro | ***5487** |
| 4 | A. Sellán González | ***7350** |
| 5 | I. Otero González | ***0027** |
| 6 | J. Rodríguez Sánchez | ***6569** |
| 7 | U. Iglesias Rodríguez | ***9078** |
| 8 | R. González Dos Santos | ***8499** |
| 9 | J. Acevedo Posse | ***7655** |

| | | |
|---|---|---|
| 10 | J. M. Tella Doval | ***5008** |
| 11 | J.E. Comesaña Rosende | ***6217** |

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(550).- AXUDAS DE CUSTO DE MANUTENCIÓN DOS INSPECTORES DA POLICÍA LOCAL, POLA SÚA ESTADÍA NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 205/2153.**
Visto o informe de fiscalización do 23/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 12/06/2023, asinado polo intendente xefe da Policía Local e a concelleira delegada de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- De conformidade coa oferta de emprego público do Concello de Vigo, publicouse no BOPPO o número de prazas para o acceso á categoría de Inspector de policía das ofertas de emprego público dos anos 2020 e 2021:

- Ano 2020, BOPPO núm. 250 do mercores 30/12/2020 (6 Inspectores).
- Ano 2021, BOPPO núm. 248 do venres 29/12/2021 (1 Inspector).

II.- Na sesión do 16 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno Local acordou o nomeamento como persoal funcionario en prácticas para ocupar 7 prazas de Inspector/a de Policía, pertencentes á oferta pública dos anos 2020 e 2021 (expte.- 41531/220).

III.- No Diario Oficial de Galicia, número 43 do xoves 2 de marzo de 2023, publicouse a Resolución do 22/02/2023 da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala executiva, categoría de Inspector dos corpos da Policía Local.

Segundo dita Resolución, o curso selectivo desenvolverase entre o 10 de marzo de 2023 e o 27 de abril do 2023.

- De maneira presencial nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública os días:
    - Marzo (6 días): 10, 27, 28, 29,30 e 31.
    - Abril (7 días): 17, 18, 19, 20, 21, 26 e 27.

- De maneira telemática ó resto de días, que compaxinarán co traballo nos concellos de procedencia.

O horario do curso será como norma xeral das 10.00 ás 19.00 (mais haberá polo menos un día semanalmente en que o horario lectivo comezará ás 8.00 horas, que será comunicado no horario que se achegará ao alumnado o primeiro día do curso).

Tendo en conta o período teórico presencial establecido, así como a data de incorporación á AGASP dos funcionarios en prácticas, o número total de días de asistencia presencial dos alumnos en formación é de 13 xornadas por alumno.

IV.- Non lles corresponden percibir dieta de aloxamento, ao estar sufragado pola Academia Galega de Seguridade Pública, en caso de que o funcionario o solicite.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Policías Locais de Galicia, establece que o ingreso na categoría de oficial require, ademais da superación das probas selectivas establecidas na convocatoria, a aprobación dun curso de formación na AGASP.

II.- Artigos 7, 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por
razón do servizo.

De acordo coa clasificación do persoal do anexo I, pertencen ó grupo 2, e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o custe de 37,40 euros día/persoa e 18,70 euros día/persoa por razón de media dieta de manutención.

Os 7 funcionarios e carreira estarán na AGASP **13 días (**9 días con dereito a dieta enteira de manutención e 4 días con dereito a media dieta de manutención**)** con un gasto total de manutención de **2.879,80 euros** (441,40 € / funcionario) que detállase a continuación:

O **custo das dietas enteiras de manutención** (9 días) ascende a 2.356,20 euros (336,60 € / funcionario), desglosados mensualmente da seguinte maneira:

- Marzo (4 días): 27, 28, 29 e 30
- Abril (5 días): 17, 18, 19, 20 e 26

O **custo das medias dietas de manutención** (4 días) ascende a 523,60 euros (74,80 € / funcionario), desglosados mensualmente da seguinte maneira:

- Marzo (2 días): 10 e 31
- Abril (2 días): 21 e 27.

III.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo, por razón do gasto por uso de vehículo particular a indemnización a percibir acadaría 0,19 euros/Km.

O percorrido entre o Concello de Vigo e a sede da AGASP é de 78,20 Km, segundo os datos facilitados pola aplicación "google maps"

Tendo en conta as datas e horarios do curso, o número total de viaxes máximos é de 26 e corresponden con dúas viaxes diarias nos días lectivos presenciais, mencionados anteriormente.

Polo tanto o custo máximo da quilometraxe polo uso do seu vehículo particular dos funcionarios policiais polas 26 viaxes, ascende a **2.704,52 euros** (386,36 €/ alumno).

IV.- Tendo en conta as viaxes e datas indicadas no apartado anterior e segundo as tarifas por peaxe publicadas na web da mercantil Audasa, concesionaria da AP 9, en concepto de peaxes Vigo / Carracedo por vehículo lixeiro é de 7,20 euros, o gasto máximo dos funcionarios en prácticas en peaxes ascende a **1.310.40 € (**187,20 euros/ funcionario).

Polo tanto, o gasto máximo total dos 10 funcionarios de carreira en gastos de desprazamento (quilometraxe máis peaxes) ata a finalización do curso de capacitación é de **4.014,92 euros** (573,56 € / funcionario).

No obstante, para o abono dos importes en concepto de uso de vehículo particular para o desprazamento á Academia Galega de Seguridade Pública, é necesaria a xustificación do gasto en peaxes, mediante "ticket factura" da empresa concesionaria e do quilometraxe e posterior comprobación.

V.- Nas seguintes aplicacións orzamentarias e na bolsa de vinculación ou nivel de vinculación xurídica dos créditos autorizados existe crédito adecuado e suficiente:

- 1320.2302001 (axudas custo Policía Escola Galega de Seguridade).
- 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo).

VI.- De conformidade co art. 127 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, a aprobación do gasto proposto é competencia da Xunta de Goberno Local.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, previa fiscalización da Intervención Xeral, o funcionario que subscribe ven en propoñer Á Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte,

**Proposta de Acordo**:

**PRIMEIRO.-** Autorizar o gasto de **6.894,72 euros €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- AXUDAS CUSTO POLICÍAS ESCOLA GAL. SEGURIDADE: **2.879,80 euros euros** á aplicación 1320.2302001 e o seu nivel de vinculación xurídica, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de dietas.

- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO, aplicación 1320.2312000: **4.014,92 euros** á aplicación 1320.2302001 e o seu nivel de vinculación xurídica, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de locomoción.

a prol dos funcionarios nomeados inspectores en prácticas que figuran na táboa 1, segundo Acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 16 de marzo de 2023, correspondente ás ofertas de emprego público dos anos 2020 e 2021 (expte.- 41531/220), polos 13 días de duración do preceptivo curso selectivo de acceso á escala executiva, categoría de Inspector dos corpos da Policía Local.

**SEGUNDO.-** O abono farase previa xustificación pola AGASP da asistencia diaria dos funcionarios en prácticas ás clases.

Táboa 1.

| FUNCIONARIOS POLICIAIS EN PRÁCTICAS – OEP 2020 e 2021 | | | |
|---|---|---|---|
| | **APELIDOS** | **NOME** | **DNI** |
| 1 | Porto Justo | Francisco José | ***8934** |
| 2 | Vázquez Domínguez | Juan Diego | ***4527** |
| 3 | López Santana | Antonio J. | ***5771** |
| 4 | Garcia Veiro | J.A. | ***9231** |
| 5 | Martínez Pardo | Santiago J. | ***9661** |
| 6 | Costas Pérez | David | ***0183** |
| 7 | Otero Sotelo | Marcos | ***1226** |

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(551).- AXUDAS DE CUSTO DE MANUTENCIÓN DOS POLICÍAS LOCAIS, POLA SÚA ESTADÍA NA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA. EXPTE. 206/2153.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 12/06/2023, asinado polo intendente xefe da Policía Local e a concelleira delegada de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- Con data 23/12/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2020 -exped. 35213/220- (publicacións oficiais no BOP núm. 250 de data 30/12/2020 e rectificacións no BOP núm. 49 12/03/2021 e DOG núm. 261 30/12/2020 e núm. 68 de 13/04/2021).

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de 23/12/2021, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2021 – exped. 37053/220-, (publicacións ofi-

ciais no BOP núm. 250 de 29/12/2021 e no DOG núm. 250 de 30/12/2021)- Resolución recurso de reposición contra o acordo de XGL de 23/12/2021 (BOP núm.76 21/04/2022 e DOG núm.120 23/06/2022)

O número total de prazas son as seguintes:

- Ano 2020, 24 prazas policía local (18 quenda libre).
- Ano 2021, 9 prazas policía local (7 quenda libre).

II.- No Diario Oficial de Galicia, número 25, do luns 6 de febreiro de 2023, publicouse a Resolución do 25/01/2023 da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos de policía local, correspondente á décimo quinta promoción.

Segundo dita Resolución, o curso selectivo desenvolverase entre o 03 de marzo de 2023 e o 12 de decembro de 2023, na forma que a continuación se indica:

- Nas instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública, en dous períodos:
    1º. Do 3 de marzo ao 23 de xuño de 2023.
    2º. Do 25 de setembro de 2023 ao 24 de novembro de 2023.

- Nos concellos de procedencia dos alumnos, realizando o período en prácticas:
    1º. Do 24 de xuño ao 24 de setembro de 2023.

As clases desenvolveranse de luns a venres, en horario de mañá e tarde (09:00 ata 20:00 horas).

O alumnado terá dereito ao final do curso selectivo ao desfrute das vacacións, polo tanto, de acordo coa normativa xeral de función pública, disporán de 16 días hábiles de vacacións, que se disfrutarán nos períodos que a continuación se sinalan:

– Os días 3, 4 e 5 de abril de 2023.

– Os días 30, 31 de outubro e 2 e 3 de novembro de 2023.

– Os días 27, 28, 29, 30 de novembro e 4, 5, 7, 11, 12 de decembro de 2023.

Tendo en conta os dous períodos teóricos establecidos, así como a data de incorporación á AGASP dos funcionarios en prácticas, o número total de días de estadía dos alumnos en formación é de **113 xornadas por alumno.**

III.- Na sesión do 16 de febreiro de 2023, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta de nomeamento de Policías Locais en prácticas e de carreira, dos funcionarios que constan na táboa 1, pertencentes á oferta pública comprendida entre os anos 2020 e 2021, ambos inclusive (exptes.- 35213/220 e 37053/220).

IV.- Na sesión do 23 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta de nomeamento ó Policías Local en prácticas, o funcionario que constan na táboa 2, pertencente á oferta pública comprendida entre os anos 2020 e 2021, ambos inclusive (expte 41559/220).

V.- Non lles corresponden percibir dieta de aloxamento, ao estar sufragado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- A Lei 4/2007, de 20 de abril de Coordinación das Policías Locais de Galicia, establece que o ingreso na categoría de policía require, ademais da superación das probas selectivas establecidas na convocatoria, a aprobación dun curso de formación na AGASP e a superación dun período de prácticas.

II.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I, pertencen ao grupo 1 e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo a dieta de manutención acadaría o custe de 28,21 euros día/persoa e 14,11 euros día/persoa por razón de media dieta de manutención.

Cada un dos **21 funcionarios** en prácticas estará na AGASP **113 días (**87 días con dereito a dieta enteira de manutención e 26 días con dereito a media dieta de manutención**)** con un **gasto total de manutención de 59.243,73 euros** que detállase a continuación:

O custo das **dietas enteiras** de manutención (87 días) ascende a 51.539,67 euros (2.454,27 € / funcionario), desglosados mensualmente da seguinte maneira:

- Mes de marzo 16 días (6, 7, 8, 9, 13, 14, 15, 16, 20, 21, 22, 23, 27, 28, 29, 30).
- Mes de abril 12 días (10, 11, 12, 13, 17, 18, 19, 20, 24, 25, 26, 27).
- Mes de maio 16 días (2, 3, 4, 8, 9, 10, 11, 15, 18, 22, 23, 24, 25, 29, 30, 31).
- Mes de xuño 13 días (1, 5, 6, 7, 8, 12, 13, 14, 15, 19, 20, 21, 22).
- Mes de setembro 4 días (25, 26, 27, 28).
- Mes de outubro 14 días (2, 3, 4, 5, 9, 10, 16, 17, 18, 19, 23, 24, 25, 26).
- Mes de novembro 12 días (6, 7, 8, 9, 13, 14, 15, 16, 20, 21, 22, 23).

O custo das **medias dietas** de manutención (26) ascende a 7.704,06 euros (366,86 € / funcionario), desglosados mensualmente da seguinte maneira:

- Mes de marzo 5 días (3, 10, 17, 24, 31).
- Mes de abril 3 días (14, 21, 28).
- Mes de maio 5 días (5, 12, 16, 19, 26).
- Mes de xuño 4 días (2, 9, 16, 23).
- Mes de setembro 1 días (29).
- Mes de outubro 5 días (6, 11, 13, 20, 27).
- Mes de novembro 3 días (10, 17, 24).

III.- De acordo coa clasificación do persoal do anexo I e as contías actualizadas do Anexo II do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón de servizo, por razón do gasto por uso de vehículo particular a indemnización a percibir acadaría 0,19 euros/Km.

O percorrido entre o Concello de Vigo e a sede da AGASP é de 78,20 Km, segundo os datos facilitados pola aplicación “google maps”

Tendo en conta que con carácter xeral os traxectos a realizar son dous por semana lectiva, a excepción de aquelas semanas con festividades (nacionais, autonómicos e locais da A Estrada) no medio dos días lectivos, no que farán dúas viaxes máis, o número de viaxes totais é de 54 ata a finalización do curso.
Polo tanto o custo da quilometraxe polo uso do vehículo particular da cada un dos funcionarios en prácticas polas 54 viaxes, ascende a 802,33 euros (54 viaxes x 78,20 km x 0,19€/km) e un total de **16.848,93 €**.

O desglose mensual das viaxes e datas establécese da seguinte maneira:

- Mes de marzo 10 viaxes: 5 de ida (3, 6, 13, 20, 27) e 5 de volta (3, 10, 17, 24, 31).
- Mes de abril 6 viaxes: 3 de ida (10, 17, 24) e 3 de volta (14, 21, 28).
- Mes de maio 11 viaxes: 6 de ida (2, 8, 15,18, 22, 29) e 5 de volta (5, 12, 16, 19, 26).
- Mes de xuño 7 viaxes: 3 de ida (5, 12, 19) e 4 de volta (2, 9, 16, 23).
- Mes de setembro 2 viaxes: 1 de ida (25) e 1 de volta (29).
- Mes de outubro 10 viaxes: 5 de ida (2, 9, 13, 16, 23) e 5 de volta (6, 11, 13, 20, 27).
- Mes de novembro 6 viaxes: 3 de ida (6, 13, 20) e 3 de volta (10, 17, 24).
- Mes de decembro 2 viaxes: 1 de ida (1) e 1 de volta (1).

IV.- Tendo en conta as viaxes e datas indicadas no apartado anterior e segundo as tarifas por peaxe publicadas na web da mercantil Audasa, concesionaria da AP 9, en concepto de peaxes Vigo / Carracedo por vehículo lixeiro é de 7,20 euros, o gasto dos funcionario en prácticas en peaxes ascende a **8.164,80 euros** (388,80 €/ funcionario).

O gasto total dos 21 funcionarios en prácticas en gastos de desprazamento (quilometraxe máis peaxes) ata a finalización do curso de capacitación é de **25.013,73 €** (1.166,83 €/funcionario)**.**

No obstante, para o abono dos importes en concepto de uso de vehículo particular para o desprazamento á Academia Galega de Seguridade Pública, é necesaria a xustificación do uso do vehículo e do gasto en peaxes (mediante “ticket factura” da empresa concesionaria).

V.- Nas seguintes aplicacións orzamentarias e na bolsa de vinculación ou nivel de vinculación xurídica dos créditos autorizados existe crédito adecuado e suficiente:

- 1320.2302001 (axudas custo Policía Escola Galega de Seguridade).
- 1320.2312000 (locomoción do persoal non directivo).

VI.- De conformidade co art. 127 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, a aprobación do gasto proposto é competencia da Xunta de Goberno Local.

En virtude de cantos antecedentes se expoñen, previa fiscalización da Intervención Xeral, o funcionario que subscribe ven en propoñer Á Concelleira delegada de Economía, Empresa e Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Autorizar o gasto de **84.257.46 euros €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- AXUDAS CUSTO POLICÍAS ESCOLA GAL. SEGURIDADE: **59.243,73 €** á aplicación 1320.2302001 e o seu nivel de vinculación xurídica, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de gastos de dietas de manutención.
- LOCOMOCIÓN DO PERSOAL NON DIRECTIVO, aplicación 1320.2312000: **25.013,73 €** á aplicación 1320.2302001 e o seu nivel de vinculación xurídica, onde existe crédito adecuado e suficiente, en concepto de indemnización por uso de vehículo particular.

a prol dos funcionarios nomeados en prácticas de policía local que figuran na táboa 1 do seguinte punto, segundo Acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 16/02/2023, correspondente ás ofertas de emprego público dos anos 2020 e 2021 (expdtes.- 35213/220 e 37053/220), polos 113 días de duración do preceptivo curso básico selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos de policía local a desenvolverse nas instalacións da Academia Galega de Seguridade.

**SEGUNDO.-** O abono farase con carácter mensual previa xustificación pola AGASP da asistencia diaria dos funcionarios en prácticas ás clases e polos dos funcionarios en prácticas do uso do vehículo particular .

Táboa 1.

| **FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS – OEP 2020 e 2021** | | | |
|---|---|---|---|
| | **APELIDOS** | **NOME** | **DNI** |
| 1 | Rodríguez Domínguez | Sergio José | ***7456** |
| 2 | Pérez Vilaboa | Alejandro | ***1598** |
| 3 | Prado Pérez | Pablo Hugo | ***6627** |
| 4 | López López | Lorena | ***9022** |
| 5 | Rubal Palacios | Miguel Angel | ***8134** |

| FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS – OEP 2020 e 2021 | | | |
|---|---|---|---|
| 6 | Parente Artime | Brais | ***4630** |
| 7 | Dios Domínguez | Alejandro | ***1266** |
| 8 | Insua Arias | Edgar | ***0732** |
| 9 | Fernández Fernández | Christian | ***8707** |
| 10 | Piñeiro Calvo | Sergio | ***2064** |
| 11 | Quiroga Pousa | Pablo | ***4400** |
| 12 | Vázquez Varela | Gabriel | ***8256** |
| 13 | Otero Vázquez | Pablo | ***6194** |
| 14 | Aballe Riobó | Alba | ***6531** |
| 15 | Quintela Becerra | Rubén | ***0805** |
| 16 | Rodríguez Ferreiro | Rubén | ***8985** |
| 17 | Pastor Fernández | Guillermo | ***1237** |
| 18 | Castro Barciela | Luis | ***0743** |
| 19 | Cancela Rojo | Victoria | ***0115** |
| 20 | Candal Pardo | Jesús | ***3822** |

Táboa 2

| FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS – OEP 2020 e 2021 | | | |
|---|---|---|---|
| | APELIDOS | NOME | DNI |
| 1 | Barreiro Bernardez | A. | **5925*** |

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(552).- DESESTIMACIÓN DOS RECURSOS INTERPOSTOS EN RELACIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OFICIAL DE INSTALACIÓNS. EXPTE. 40971/220.**

Dáse conta do i**nforme-proposta do 29/06/2023, asinado p**ola secretaria do órgano de selección e a presidenta do órgano de selección, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

1. Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
2. Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común (LPAC)
3. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector Público
4. Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
5. Bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de oficial de instalacións (subgrupo C2).

**ANTECEDENTES DE FEITO**

En sesión de 23 de marzo de 2023 o órgano de selección resolveu as alegacións presentadas contra a plantilla de respostas do primeiro exercicio realizado con data 8 de marzo de 2023 da proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de oficial de instalacións (subgrupo C2). (Expte: 40971/220).

Ditas alegacións foron obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Vigo con data 27 de marzo de 2023.

Frente a citada decisión do órgano de selección reaccionan en alzada D. José Fidel Fonterosa Amez (doc. 230079151, con efectos de 30 de marzo de 2023), D. Víctor González Cortegoso (doc. 180199828 con efectos de 27 de abril de 2023) e D. Francisco Lorenzo Piñeiro (doc. 230119199 con efectos de 28 de abril de 2023).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.- Admisibilidade do recurso**

Interpoñense os devanditos recursos de alzada por persoas lexitimadas, en tanto que os recorrentes participan como aspirantes no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de oficiais de instalacións municipais, contra acto de trámite que non pon fin a vía administrativa e no prazo legalmente establecido (1 mes ) segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da LPAC.

Procede, por tanto, admitir os recursos xa que os interesados presentaron os recursos en tempo e forma

**SEGUNDO.- Dos recursos interpostos**

**1.- Anulación da pregunta núm. 20**: os recorrentes D. José Fidel Fonterosa Amez e D. Víctor González Cortegoso se alzan contra a resolución do órgano de selección de anular a pregunta núm. 20 do primeiro exercicio.

O día 23 de marzo de 2023 o Tribunal cualificador constituído para o proceso selectivo de oficiais para instalacións municipais, adoptou os seguintes acordos relativos á anulación da pregunta 20 do primeiro exercicio.

Literalmente acordouse polo tribunal o seguinte, ao abeiro das diferentes alegacións presentadas en relación á pregunta núm. 20 que foi formulada nos seguintes termos:

20.- A que se denomina en fontanería “golpe de ariete”?
a) Á velocidade da auga ao saír da billa.
b) Á vibración producida nas tubaxes.
c) Á presión que soporta a tubaxe.
d) Ao peso da columna de auga.

**1º.-** *A recorrentes solicita a anulación da pregunta 20, alegando que distintas fontes na materia que expoñen na súa alegación (GRUNFOS (fabricante de bombas de agua a nivel internacional), Nikolai Zhukovski (enxeñeiro ruso precursor de la hidrodinámica) y ARCO (empresa de fontanería española)) fan eferencia na definición do golpe de ariete ao ruído que se provoca pero non ás vibracións.*
*Procede estimar a alegación formulada, e acórdase anular a pregunta, tendo en conta que, se ben a resposta b) é a máis correcta entre as ofrecidas, a formulación da pregunta pode dar lugar a dúbidas.*
*(...)”*

**2º.-** *A recorrentes solicita a anulación da pregunta 20, alegando que distintas fontes na materia que expón na súa alegación (entre elas GRUNFOS (fabricante de bombas de agua a nivel internacional) e libros das editoriais Adams e Mad especializados en libros para a preparación de oposicións) na definición do golpe de ariete fan referencia ao ruído que se provoca pero non ás vibracións.*
*Asemade, fai referencia ao buscador Google e ao exame da Bolsa de emprego do Concello de Vigo de Oficial de Instalacións municipais realizado o 24/05/2017, onde a pregunta n.º 22 dicía “Que produce o golpe de ariete nunha tubaxe?” dando como resposta correcta “o corte brusco do fluxo”. Procede estimar parcialmente a alegación formulada, e acórdase anular a pregunta, tendo en conta que, se ben a resposta b) é a máis correcta entre as ofrecidas, a formulación da pregunta pode dar lugar a dúbidas tal e como se desprende das fontes indicadas pola recorrente. Con todo, apuntar que non se considera como fonte fidedigna como fundamento da alegación a referencia á busca en Google”.(...)*

**3º.-** *A recorrentes solicita a anulación da pregunta 20, alegando que a resposta dada como correcta non se axusta ás definicións do golpe de ariete dadas nos manuais.*
*Procede estimar parcialmente a alegación formulada, e acórdase anular a pregunta, tendo en conta que, se ben a resposta b) é a máis correcta entre as ofrecidas, a formulación da pregunta pode dar lugar a dúbidas.” (...)*

Mediante recurso de alzada, D. José Fidel Fonterosa Amez e D. Víctor González Cortegoso manifestan a súa desconformidade coa anulación da pregunta 20, e solicitan que a mesma non sexa anulada por canto consideran que:

- Por unha parte, D. José Fidel Fonterosa Amez, que a pregunta estaba perfectamente formulada e que os argumentos para a súa anulación é rebuscada e á altura dunha enxeñería.
- Por outra parte, D. .Victor González Cortegoso, que a única resposta correcta era a b) por canto “*es la única opción correcta ya que las bolsas de aire en tuberías, el cortar el paso del agua bruscamente sumado a otros factores como anclajes de las tuberías deficientes provocan vibraciones. Es el única opción y una de las denominaciones válidas con la que se distingue un golpe de ariete. Al denominar a una cosa, se le atribuye un término que posibilita su identificación frente a otros”. Ademáis, engade que “en unas respuestas de una pregunta tipo test en la que existe una respuesta que se reconoce que es correcta por ser la única relacionada con un golpe de ariete (una de las definiciones o denominaciones del golpe de ariete es vibración en las tuberías) y todas las demás respuestas son indiscutiblemente incorrectas por los motivos anteriormente expuestos, debería ser desanulada esta pregunta sin tener que recurrir a una de las preguntas de reserva. Incluso utilizando la ley del descarte en donde cuando se elimina lo imposible, la opción que queda más probable, es la correcta*”.

En resposta ao alegado cabe indicar que, revisada dita pregunta, o tribunal acordou a súa anulación polos motivos xa indicados no seu acordo do día 23 de marzo de 2023: porque a pesar de que a resposta b) é a máis correcta entre as ofrecidas, a formulación da pregunta pode dar lugar a dúbidas.

O que se preguntaba era o seguinte: *A que se denomina en fontanería “golpe de ariete”?.* Polo que entre as catro respostas alternativas debía figurar unha definición correcta deste termo, e non ás circunstancias que o producen, nin os efectos que o mesmo poda ter, nin calquera outra circunstancia que non fora unha definición do termo.

Revisada a definición do termo “golpe de ariete” que consta nas páxinas web de diferentes empresas e entidades especializadas en fontanería, todas coinciden en definir o termo como un choque/aumento/sobrecarga da presión do fluído transportado. A modo de exemplo, constan as seguintes definicións:

- “Sobrepresión provocada en las tuberías por el cierre brusco de un grifo, normalmente monomandos, que se somete a las conducciones a un desgaste que puede llegar a provocar su rotura”. (GLOSARIO DE FONTANERÍA https://grupoplumbisto.wordpress.com/glosario-de-fontaneria/)
- “Se denomina Golpe de Ariete al fenómeno hidráulico transitorio producido por variaciones de velocidad en el fluido transportado. Este fenómeno consiste en la propagación de ondas de presión y depresión a lo largo de las conducciones, debido a la transformación de energía cinética en energía de presión y elástica”. (https://www.ingenieriadefluidos.com/golpe-de-ariete)

- “El golpe de ariete, también conocido como choque hidráulico o oleada hidráulica, es un fenómeno que puede ocurrir en cualquier sistema de tuberías donde se utilicen válvulas para controlar el flujo de líquidos o vapores. Este hecho es el resultado de un aumento de presión u ondas de choque de alta presión que se propagan a través de un sistema de tuberías cuando un fluido en movimiento se ve obligado a cambiar de dirección o detenerse abruptamente” (https://www.sierraservicesltd.com)
- “El golpe de ariete no es más que la sobrecarga de presión que sufre una tubería en su interior cuando una columna de líquido se mueve dentro de ella con cierta inercia y, de repente, ese flujo cesa de forma repentina”. (https://www.aristegui.info/que-entendemos-por-golpe-de-ariete-en-una-tuberia).

Polo tanto, á vista do enunciado da pregunta núm. 20, ningunha das catro respostas propostas se axustaban á definición precisa do termo, nin sequera a opción *b) Á vibración producida nas tubaxes,* a pesar de ser a mais axustada por ser un dos efectos deste termo, pero non se correspondía coa súa definición, que era o que se preguntaba. O enunciado da pregunta podía dar lugar a dúbidas á hora de optar entre algunha das opcións propostas, e por dita razón o tribunal aocrdou a súa anulación.

No caso de que a formulación dunha pregunta do exercicio conduza ao examinado a unha confusión, o tribunal pode acordar a nulidade desa pregunta a subsituíla por outra. É pacífica a xurisprudencia relativa á discrecionalidade que ostenta o Tribunal á hora de aplicar o criterio de valoración nos exercicios, e ten esa mesma competencia á hora de resolver qué resposta é correcta a unha pregunta e cal non o é. A declaración de nulidade feita polo tribunal serve para erradicar do exame unha pregunta que incitara á confusión (STSX BAL do 25 de febreiro de 2022, ditada no PO 375/2019).

**2.- Alegacións relativas á pregunta núm. 9**: os recorrentes D. José Fidel Fonterosa Amez e D. Francisco Lorenzo Piñeiro se alzan contra a resolución do órgano de selección de declarar como válida a resposta a) da pregunta núm. 9.
O día 23 de marzo de 2023 o Tribunal cualificador constituído para o proceso selectivo de oficiais para instalacións municipais, adoptou os seguintes acordos en relacións as alegacións presentadas á pregunta 9 que foi formulada nos seguintes termos:

9.- De acordo co Real Decreto 487/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorso lumbares, para os/as traballadores/as, considerase un factor individual de risco na manipulación manual de cargas:
a) A inadecuación das roupas, o calzado ou outros efectos persoais que leve o/a traballador/a.
b) A insuficiencia o adaptación dos coñecementos ou da formación.
c) A posterior existencia de patoloxía dorsolumbar.
d) Todas son correctas.

***1º.-*** *As persoas recorrentes enumeradas mais arriba solicitan a anulación da pregunta alegando que a resposta correcta é a a) cando na plantilla de respostas inicial publicada figuraba como correcta a resposta d). O órgano de selección confirmando que se trataba dun error de transcrición procedeu a publicar a devandita plantilla corrixida en data 14 de marzo de 2023, dando por válida, como efectivamente é, a resposta d).*

***2º.-*** *A persoa recorrente alega que constituen factores individuais de risco segundo o artigo 5 da lei 485/1997 (sic) a inadecuación das roupas, o calzado ou outros efectos persoais que leve o traballador; a insuficiencia ou inadaptación dos coñecementos ou da formación; e, a existencia previa de patoloxía dorsolumbar. En vista do anterior, alega que, sendo a resposta c) correcta, deixa un escenario no que son correctas as respostas a) e b) transcribindo incorrectamente a pregunta e formulando a resposta b) do seguinte xeito "la insuficiencia o inadaptación de los conocimientos o de la formación"*
*Procede desestimar a alegación formulada xa que a resposta b) non é correcta segundo o Anexo do Real Decreto 487/1997, de 14 de abril ao que se refire o enunciado da pregunta. O artigo da lei ao que se refire a recorrente non fai referencia aos factores individuais de riscos na manipulación de cargas.*
*Asemade indicar que na plantilla corrixida de data 14 de marzo de 2023 figura como resposta correcta a esta pregunta a resposta a) rectificando o erro inicial cometido na primeira plantilla publicada na que figuraba como correcta á resposta d).*

Mediante recurso de alzada, D. José Fidel Fonterosa Amez e D. Francisco Lorenzo Piñeiro manifestan a súa desconformidade coa resposta dada por correcta por canto consideran que:

- Por unha parte, D. José Fidel Fonterosa Amez que "(...) salvo error tipográfico la ley establece como correctas todas las respostas".
- Por outra parte, D. Francisco Lorenzo Piñeiro que a resposta b) non está ben formulada porque é en parte correcta e que existe diferencia de criterios á hora de contestar as alegacións en base aos diferentes alegantes.

Con respecto ao que manifestan ambos recorrentes, como xa expuxo o órgano de selección na súa resposta as alegacións presentadas inicialmente, a única resposta posible é a resposta a) xa que é a única resposta completamente correcta. A resposta b) é só en parte correcta, polo que é incorrecta, así como tamén é incorrecta a resposta c) e, polo tanto, a d).

O Real Decreto 487/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos sobre os factores individuais de risco enumera literalmente, xunto coa a falta de aptitude física para realizar as tarefas en cuestión: *"A inadecuación das roupas, o calzado ou outros efectos persoais que leve o traballador. A insuficiencia ou inadaptación dos coñecementos ou da formación. A*

*existencia previa de patoloxía dorsolumbar.”,* polo que non hai ningunha dúbida de que a única resposta correcta, como se indicou mais arriba, é a a).

Por outro lado, e certo que na primeira contestacións as alegacións presentadas en relación a esta pregunta onde di “*O órgano de selección confirmando que se trataba dun error de transcrición procedeu a publicar a devandita plantilla corrixida en data 14 de marzo de 2023, dando por válida, como efectivamente é, a resposta d)*” debe dicir “*O órgano de selección confirmando que se trataba dun error de transcrición procedeu a publicar a devandita plantilla corrixida en data 14 de marzo de 2023, dando por válida, como efectivamente é, a resposta a)*” que se deduce facilmente, tanto da plantilla corrixida e da segunda resposta dada a outra alegación sobre a mesma pregunta, como do tenor literal da lei, non habendo lugar a sospeitas de respostas á carta segundo quen foran os alegantes.

**3.- Alegacións relativas ás pregunta núm. 7 e 12**: o recorrente D. José Fidel Fonterosa Amez se alza contra a resolución do órgano de selección de desestimar a súa alegación relativa á pregunta núm. 7 e a declarar a anulación da pregunta 12.

**A)** O día 23 de marzo de 2023 o Tribunal cualificador constituído para o proceso selectivo de oficiais para instalacións municipais, adoptou o seguinte acordo en relación as alegacións presentadas polo recorrente á pregunta 7 que foi formulada nos seguintes termos:

7.- Como regra xeral, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no seu artigo 24.1, establece que o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa, lexitima ao/á interesado/a ou interesados/as para entendela:
a) Estimada por silencio administrativo.
b) Desestimada por silencio administrativo.
c) Caducada por silencio administrativo.
d) Ningunha é correcta.

> ***1º.-*** *Alega o recorrente que existen dúas respostas posibles e solicita a anulación da pregunta dado a ambigüidade da mesma motivando a súa alegación coa transcrición do artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e sinalando as partes de dito artigo que fundamentan a posibilidade de dúas respostas correcta.*
> *Procede desestimar a alegación formulada por canto non cabe aceptar como válida nais que a resposta a), dado que as partes sinaladas no devandito artigo 24 fan referencia ás excepcións á regra xeral de estimación por silencio administrativo dos procedementos iniciados a solicitude de interesado e a pregunta formulada pide textualmente o sentido do silencio nestes procedementos “Como regra xeral”..*
>
> ***2º.-*** *(...) con respecto á pregunta 7 a recorrente alega que ten dúas respostas posibles achegando o texto transcrito do artigo 24 da lei 39/2015, do 1 de outubro, coas partes*

*referentes ás excepcións á regra xeral do sentido do silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado.*
*Procede desestimar a alegación formulada por canto non cabe aceptar como válida nais que a resposta a), dado que as partes sinaladas no devandito artigo 24 fan referencia ás excepcións á regra xeral de estimación por silencio administrativo dos procedementos iniciados a solicitude de interesado e a pregunta formulada pide textualmente o sentido do silencio nestes procedementos "Como regra xeral".*

Mediante recurso de alzada, D. José Fidel Fonterosa Amez manifesta a súa disconformidade coa resposta dada desestimando as súas alegacións por canto "*(...) claramente el artículo 24.1 en su segundo y tercer párrafo (no en los puntos 2 y 3 donde claramente establecen ambas opciones) aclaran como desestimada por regla general la solicitud del recurrente, siendo la estimada una escepción que no se plantea así en la pregunta*".

Con respecto ao que manifesta o recorrente, o órgano de selección reiterase nos seus motivos de desestimación. O artigo 24.1 establece, de xeito evidente, que con **carácter xeral**: "*1. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa, lexitima ao interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de Dereito da Unión Europea ou de Dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.*

A continuación, o artigo continua establecendo os **casos concretos** nos que o carácter é desestimatorio: "*Cando o procedemento teña por obxecto o acceso a actividades ou o seu exercicio, a lei que dispoña o carácter desestimatorio do silencio deberá fundarse na concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral.*

*O silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa estimación tivese como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.*

*O sentido do silencio tamén será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións e nos de revisión de oficio iniciados a solicitude dos interesados. Con todo, cando o recurso de alzada interpúxose contra a desestimación por silencio administrativo dunha solicitude polo transcurso do prazo, entenderase estimado o mesmo se, chegado o prazo de resolución, o órgano administrativo competente non ditase e notificase resolución expresa, sempre que non se refira ás materias enumeradas no parágrafo anterior deste apartado.*"

Concello de Vigo

Ademais do tenor literal da lei, tanto a doutrina como a xurisprudencia tamén o entenden así (veáse, a modo de exemplo a STS 4656/2021, que afirma no seu Fundamento de dereito Terceiro (Doctrina da sala) que “(...) *d. Esta regulación es la que se mantiene en la actualidad en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, en cuyo artículo 24, sobre el "Silencio administrativo en procedimientos iniciados a solicitud del interesado" se establece que en los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa, legitima al interesado o interesados para entenderla estimada por silencio administrativo, excepto en los supuestos que identifica.*”) .

**B)** O acordo adoptado polo tribunal cualificador o día 23 de marzo de 2023 fronte ás alegacións presentadas, ten o seguinte tenor literal con respecto á pregunta 12 que foi formulada nos seguintes termos:

12.- En España, as tensións nominais usualmente empregadas nas distribucións de corrente alterna serán:
a) 220 V entre fases.
b) 230 Voltios entre fases.
c) 220 W entre fase e neutro.
d) 230 Voltios entre fase e neutro.

> ***1º.-*** *A recorrente solicita a anulación da pregunta, alegando que o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión que establece o marco das condicións técnicas e establece as garantías que deben reunir as instalacións eléctricas, as tensións nominais en España son: “As tensións nominais utilizadas nas distribucións de corrente alternan serán: 230 V entre fases para as redes trifásicas de tres condutores. 230 V entre fase e neutro, e 400 V entre fases, para as redes trifásicas de 4 condutores” (artigo 4.2). Como a pregunta non fai referencia en ningún momento ao número de condutores non se pode establecer unha resposta certeira.*
> *Procede estimar a alegación formulada e acórdase anular a pregunta ao non especificar o enunciado da pregunta, como establece a alegación, o número de condutores dando lugar á imposibilidade de contestar á pregunta de xeito certo.*
>
> ***2º.-*** *A recorrente solicita a anulación da pregunta, alegando que o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, normativa básica en España, no seu artigo 4.2 establece que: “As tensións nominais utilizadas nas distribucións de corrente alternan serán: 230 V entre fases para redes trifásicas de tres condutores. 230 V entre fase e neutro, e 400 V entre fases, para as redes trifásicas de 4 condutores” e que as posibles respostas non especifican se as redes son trifásicas de tres ou catro condutores polo que non habería unha resposta clara.*
> *Procede estimar a alegación formulada e acórdase anular a pregunta ao non especificar o enunciado da pregunta, como establece a alegación, o número de condutores nas redes trifásicas dando lugar á imposibilidade de contestar á pregunta de xeito certo.*

Mediante recurso de alzada, D. José Fidel Fonterosa Amez manifesta as súa desconformidade coa anulación da devandita pregunta xa que aduce que estaba perfectamente formulada no seu contexto e a súa resposta admitida sen dúbida como válida. Considerando que a estimación para a súa anulación é rebuscada e a altura dunha enxeñería.

En canto a motivación exposta o órgano de selección reitérase na súa argumentación xa exposta nas respostas as alegacións presentadas no seu momento. Seguindo a norma mencionada, o Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, normativa básica en España (artigo 4.2) ao non especificar se as redes son trifásicas de tres ou catro condutores non se pode contestar á pregunta.

**4.- Alegacións relativas ás pregunta núm. 8, 11 e 15**: o recorrente D. Francisco Lorenzo Piñeiro se alza contra a resolución do órgano de selección de desestimar aa súas alegacións relativas ás devanditas preguntas.

**A)** O día 23 de marzo de 2023 o Tribunal cualificador constituído para o proceso selectivo de oficiais para instalacións municipais, adoptou o seguinte acordo en relación a alegación presentada polo recorrente á pregunta 8 que foi formulada nos seguintes termos:

8.- Respecto á práctica das notificacións a través de medios electrónicos, os interesados/as poderán acceder ás notificacións desde (artigo 43.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas):
a) O Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, que funcionará como un portal de acceso.
b) A páxina inicial da Web da Administración electrónica, que funcionará como un portal de acceso.
c) A oficina da Administración virtual, que funcionará como un portal de acceso.
d) O Portal de Aplicacións Informáticas, que funcionará como un portal de acceso.

> ***1º.-*** *A recorrente alega que a pregunta é confusa por canto na páxina administracion.gob.es indicase que o seu Punto de Acceso Xeral (PAX) é un portal web que ofrece un punto único de acceso para o cidadán a información de interese sobre as Administracións públicas e os seus trámites administrativos. Engade que sendo o PAX un portal web deduce que unha páxina inicial web pode ser un PAX, chegando á conclusión de que a resposta b) sería por tanto correcta polo que non debería restar.*
> *Procede desestimar a alegación formulada por canto o artigo 43.4 da Lei 39/2015 establece, literalmente, que "Os interesados poderán acceder ás notificacións desde o Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, que funcionará como un portal de acceso", que coincide co texto da resposta a) sinalada como correcta. A resposta b) fala de Administración electrónica, en concreto, da "páxina inicial da web da Administración electrónica" co que, á vista do artigo transcrito, esta resposta sería incorrecta, tendo en*

*conta, ademais que unha páxina web non é o mesmo que un portal de internet. Por outro lado, as bases da convocatoria do presente proceso selectivo especifican, claramente, que habendo marcado unha resposta incorrecta esta restará media resposta correcta sen establecer ningunha outra posibilidade*

Mediante recurso de alzada, D. Francisco Lorenzo Piñeiro manifesta a súa disconformidade coa resposta dada desestimando á súa alegación por canto considera que o razoamento do tribunal por canto unha páxina web non é o mesmo cun portal de intemet non é correcto xa que "*si nos vamos a la definición por ejemplo de otros autores y por ejempleo en la propia wikipedia allí se nos señala claramente que: En internet, un portal es un sitio web que...etc, entiendo por conseguiente la pregunta esta mal formulada, pues hay dos respuestas que son ciertas en la misma*" Ademais indica que non cuestiona o sinalado polo tribunal con respecto ao tenor literal do artigo 43.4 da Lei 39/2015 (*"Os interesados poderán acceder ás notificacións desde o Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, que funcionará como un portal de acceso"*) senón que na súa alegación o que expresa é que a pregunta está mal formulada xa que hai duas respostas correctas.

Con respecto ao que manifesta o recorrente, o órgano de selección reiterase nos seus motivos de desestimación. En primeiro lugar, e tendo en conta que a Wikipedia non se considera unha fonte fidedigna de información á hora de fundamentar unha alegación, a propia definición da Wikipedia  da a razón ao tribunal xa que precisamente un portal é un sitio web cunha serie de características concretas propias do mesmo. Pola súa parte, a RAE define portal como "*Espazo dunha rede informática que ofrece, de forma sinxela e integrada, acceso a recursos e servizos"*, mentres que un sitio web é  un"*Conxunto de páxinas web agrupadas baixo un mesmo dominio da internet*" e a páxina web a define como un "*Conxunto de informacións dun sitio web que se mostran nunha pantalla e que pode incluír textos, contidos audiovisuais e ligazóns con outras páxinas".*

**B)** O día 23 de marzo de 2023 o Tribunal cualificador constituído para o proceso selectivo de oficiais para instalacións municipais, adoptou o seguinte acordo en relación a alegación presentada polo recorrente á pregunta 11 que foi formulada nos seguintes termos:

11.- Un interruptor diferencial considérase que é de alta sensibilidade, cando o seu valor:
a) É maior de 30 mA.
b) É menor de 30 mA.
c) É menor de 300 mA.
d) É menor ou igual de 30 mA.

***1º.-** A recorrente alega que a resposta "b) É menor que 30 mA" non sería de todo incorrecta ao estar incluída no rango da resposta correcta "d) É menor ou igual de 30 mA" e considera que non debería restar.*

*Procede desestimar a alegación formulada xa que existe unha única resposta correcta (resposta d)) de acordo co Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión, mentres que a resposta b) na súa formulación é incorrecta con respecto ao establecido no devandito Real Decreto. Por outro lado, as bases da convocatoria do presente proceso selectivo especifican, claramente, que habendo marcado unha resposta incorrecta esta restará media resposta correcta sen establecer ningunha outra posibilidade.*

Mediante recurso de alzada, D. Francisco Lorenzo Piñeiro manifesta a súa desconformidade coa resposta dada desestimando á súa alegación e sinala que na súa alegación non cuestiona a incorrección da resposta dada como válida, se non que indica que " *(...) "menor a 30 ma" esta incluído en "menor ou igual a 30 ma""* polo que considera que a resposta b) está "*incluída*" na d).

En vista das alegacións do recorrente, o órgano de selección reitera a súa motivación presentada con motivo da desestimación da alegación inicial, incidindo, unha vez máis en que a resposta a) e incorrecta por incompleta polo que non se podería dar por válida en ningún caso e sen que de lugar a ningunha clase de dúbidas.

**C)** O día 23 de marzo de 2023 o Tribunal cualificador constituído para o proceso selectivo de oficiais para instalacións municipais, adoptou o seguinte acordo en relación a alegación presentada polo recorrente á pregunta 15 que foi formulada nos seguintes termos:

A pregunta 15 foi formulada nos seguintes termos:
15.- Con cal dos seguintes instrumentos de medida podes comprobar a continuidade dun condutor?
a) Voltímetro.
b) Vatímetro.
c) Óhmetro.
d) Luxómetro.

***1º.-*** *Alegan as recorrentes que o aparello apropiado para medir a continuidade (de forma directa) é concretamente o "polimetro" que non figura entre as respostas da pregunta. Aínda que o óhmetro podería utilizarse para realizala, sinala que esta é unha medida indirecta que considera cae moi lonxe da formación xeral que se esixe no temario.*
*Procede desestimar a alegación formulada por canto, por un lado, a pregunta fai referencia a materia incluída no temario e, por outro, un polímetro é un "conxunto" de instrumentos de medida axuntados nun único dispositivo, entre os cales se adoita incluír o óhmetro co o cal se realiza dita medida. Así, dos propostos, o único instrumento capaz de proporcionar unha medida que nos indique a continuidade do condutor é o óhmetro.*

Mediante recurso de alzada, D. Francisco Lorenzo Piñeiro manifesta a súa disconformidade coa desestimación da súa alegación sinalando que "*Entiendo que lo usual es un polimetro,*

*que es | que se utiliza habitualmente para estos casos por lo que seguramente se ha producido un nuevo error de trascripción del tribunal al poner ohmetro*."

O órgano de selección reitera a súa motivación en canto a desestimación das alegacións presentadas á pregunta 15 é lembra o recorrente que opción "polímetro" non se atopaba entres as posibles respostas, non existindo ningún erro, ao formular a pregunta, nin de transcrición nin de ningunha outra clase. Asemade sinalar que o polímetro é un aparato polivalente que pode comprobar a continuidade dun condutor porque ten integrado un óhmetro, ademais dun voltímetro e un amperímetro.

Polo exposto, os membros do tribunal propoñen a desestimación dos recursos de alzada interpostos por D. José Fidel Fonterosa Amez, D. Víctor González Cortegoso e D. Francisco Lorenzo Piñeiro contra o acordo do Tribunal cualificador de data 23.03.2023.

**TERCEIRO.-** O órgano competente para resolver o recurso de alzada é a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 121 da LPAC en relación co artigo 127 .1.h) da LRBRL.

E por isto polo que se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**1º.-** Desestimar o recurso de alzada interposto por D. José Fidel Fonterosa Amez contra o acordo do Tribunal cualificador de data 23.03.2023, relativo á anulación das preguntas núm. 12 e 20, ea as desestimacións das alegacións ás preguntas núm. 7 e 9 do primeiro exercicio.
**2º.-** Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Víctor González Cortegoso contra o acordo do Tribunal cualificador de data 23.03.2023, relativo á anulación da pregunta núm. 20 do primeiro exercicio.
**3º.-** Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Francisco Lorenzo Piñeiro contra o acordo do Tribunal cualificador de data 23.03.2023, relativo ás desestimacións das alegacións ás preguntas núm. 8, 9, 11 e 15.
**4º.-** A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa notificación (artigos 8.1, 25.1, 46.1 da Lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa).

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(553).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 4993/330.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2023 e o informe de fiscalización do 30/06/2023 dáse conta do informe-proposta do 30/05/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

–RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP

–RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

–Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.

–RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

–Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**ANTECEDENTES**

1. A Xunta de Goberno Local con data 5 de setembro de 2019 acordou (expte 2319-330):

> *"Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o procedemento* aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) *por un prezo total de 208.783,08 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.235,08 euros euros e coas seguintes condicións:*
>
> *a) Propón unha porcentaxe de desconto do 17,93% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I (FEC) do PCAP.*
>
> *b) Propón o incremento da experiencia mínima esixida no apartado 16.B.1.a das FEC para o/a xefe/a de sala en servizos de traballos técnicos similares de 9 anos.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas*

*particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

*2.* Con data 21 de outubro de 2019, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil *SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U* cun prazo de execución de DOUS anos naturais sendo a data de inicio o 1 de novembro de 2019 (cláusula 4).

3. Este contrato estipula a posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas. A Xunta de Goberno Local acordou, con data 21 de maio de 2021, a primeira prórroga do citado contrato, polo período dun ano natural, contado a partires do 1 de novembro de 2021.

4.- A Xunta de Goberno Local aprobou con data 23 de xuño de 2022 a segunda prórroga do contrato (expte 4461/330), polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de novembro de 2022 ao 31 de outubro de 2023.

5. Por escrito de entrada na sede electrónica municipal, nº 230151341 de data 30 de maio, D. Pablo Soliño Gándara en nome e representación da mercantil *SOLIMUSIC EVENTS S.L.U.* presta a súa conformidade á terceira e derradeira prórroga do contrato, cunha duración de un ano con inicio o 1 de novembro de 2023.

6. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 22 de maio, dispoñendo se proceda a instruir a terceira e derradeira prórroga do contrato por ser necesario continuar ca prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos os resultados satisfatorios acadados.

7. Esta xefatura, como responsable do contrato, informa que a empresa *SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U* ten cumplido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumplimento pola súa parte.

**CONSIDERACIÓNS XURIDICAS**

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluindo as posibles prórrogas.

2.- Según o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 5 de setembro de 2019, como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, estabrecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos a contar dende o día 1 de novembro de 2019, prevéndose a posibilidade tres prórrogas dun ano cada unha delas.

4.- O expediente de prorroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 22 de maio de 2022 autorizando o inicio deste expediente da terceira e derradeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto,** ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

***"PRIMEIRO.***- *Aprobar a terceira e derradeira prórroga do contrato de servizos de xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio Municipal do Concello (expediente 2319/3300), polo período dun ano, é decir, dende o día 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024, polo importe total de* ***104.391,54 € (cento catro mil trescentos noventa e un euros con cincoenta e catro céntimos)****, ive engadido.*

***SEGUNDO.-*** *Aprobar o gasto por importe total de* ***104.391,54 € (cento catro mil trescentos noventa e un euros con cincoenta e catro céntimos)****, ive engadido.* ***a favor de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U (CIF.- B27793728),*** *con cargo á partida 3331.227.99.07 "Xestión Auditorio Casa do Concello", do cal corresponden**:***

a) ***Ano 2023****: 22.000 €, período do 1 de novembro ao 31 de decembro.*

b) ***Ano 2024****: 82.391,54 €, período do 01 de xaneiro ao 31 de outubro.*

***TERCEIRO.-*** *Notificar o presente acordo ao adxudicatario.”*

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(554).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” PARA O FINANCIAMENTO DA IV MOSTRAXE DO CINE DE MONTAÑA EN VIGO 2023. EXPTE. 5000/330.**
Visto o informe xurídico do 21/06/2023 e o informe de fiscalización do 28/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 02/06/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

“Con data de entrada na sede electrónica municipal o 26 de maio do 2023, a entidade “Club Montañeiros Celtas” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento da “IV Mostraxe do Cine de Montaña 2023”; por este motivo, o día 29.05.2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase a tramitación do expediente de subvención polo importe de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.25.

ANTECEDENTES.-
O “Club Montañeiros Celtas” é unha asociación que ten como obxectivo a difusión dos deportes de montaña en todas as súas modalidades, e de calquera actividade ligada ao entorno da montaña e da natureza, ben sexa deportiva coma cultural.

Neste sentido de promover a difusión do deporte a través do cine “Club Montañeiros Celtas” trouxo á cidade de Vigo unha Mostraxe do Cine de Montaña aproveitando a celebración do 75 aniversario, unha vez conseguido este reto, xurdiu o desexo de poder gozar dunha cita anual co cine de montaña, sendo o primeiro evento destas características proxectado en Vigo, e tamén en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

A “IV Mostraxe do Cine de Montaña 2023” tivo lugar no Auditorio Municipal de Vigo, os días 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo do 2023, en sesión de tarde de 20 a 22h; Ademais programouse tamén unha sesión escolar o día 2 de marzo en sesión matinal, de 10:30 a 11:30h, á que asistiron diferentes centros escolares da provincia.

A actividade desenvolveuse consonte á programación contida na memoria de actividade que se xunta ao expediente.

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 6.551 euros (seis mil cincocentos cincuenta e un euros) dos que o Concello de Vigo achegará 4.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificación da conta bancaria asinado dixitalmente pola entidade
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” , para o financiamento da “ IV Mostraxe do Cine de Montaña en Vigo 2023” rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de

subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Club de Montañeiros Celtas” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” , ten como obxecto financiar a “ IV Mostraxe do Cine de Montaña en Vigo 2023” **”** figurando na aplicación **3340.480.00.25** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 4.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” , para o financiamento da “ IV Mostraxe do Cine de Montaña en Vigo 2023” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros) á* entidade “CLUB MONTAÑEIROS CELTAS” (CIF G-36637890), para o financiamento da “ IV Mostraxe do Cine de Montaña en Vigo 2023” , *organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación* **3340.480.00.25** *“ Mostra de cine de montaña. Montañeiros Celtas” , que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

**OBRIGAS DA ENTIDADE**

–E de responsabilidade da Entidade :

–A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,

–A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

- –Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA Dna. Carmen Pérez Orge , presidenta da entidade.

- –Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

- –Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

- –Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de

elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

**OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mes-

ma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2023
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    3. Memoria de prensa.
    4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

**Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións**

**inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

Consideraranse  gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes

orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(555).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DE DECEMBRO DO 2022 A XUÑO DO 2023. EXPTE. 5020/330.**

Visto o informe xurídico do 27/06/2023, informe de fiscalización do 30/06/2023 e informe-proposta do 16/06/2023, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

“Con data da sede electrónica municipal 12 de xuño do 2023, a Orquesta Clásica de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de concertos dende decembro do 2022 a xuño do 2023 ; por este motivo, con data 13 de xuño, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente , polo importe de 30.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e cinco anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos

formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos. Ademas sempre foi unha importante plataforma para a promoción da música e dos artistas locais.

PROGRAMACIÓN DA TEMPORADA DECEMBRO 2022 A XUÑO DO 2023

A programación para a temporada 2022-2023 constará de cinco concertos:

**Concerto 1: Concerto de Nadal: Falla + Stravinski**
Mércores 28 de decembro de 2022 ás 20:30h.
Teatro Afundación, Vigo

Programa:
• Suite do sombreiro de tres picos, de M. de Falla
• Suite do Paxaro de fogo, de I. Stravinski
Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava
Entradas en ataquilla.com dende 5€

**Concerto 2: GLASS**

Sábado 4 de febreiro de 2023 ás 20:30h
Teatro afundación de Vigo

PROGRAMA
— Preludio e fuga, de Manuel María Veiga Lombardía (estrea)
— Concerto para violín e orquestra No 1, de Philip Glass

**Concerto 3: Canto de emigración**

Sábado 25 de marzo de 2023, ás 20:00h.
Auditorio do Teatro Afundación, Vigo
PROGRAMA

— Canto de emigración, de T. Román e P. Coira. Película con música en directo
Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava
Entradas en ataquilla.com dende 5€

**Concerto 4: Chaikovski**

Sábado 6 de maio de 2023 ás 20:30h.
Teatro Afundación de Vigo
PROGRAMA
— Preludio da noite sulagada, de Carme Rodríguez (estrea)
— Concerto para piano e orquestra n. 1, op. 23, de P. I. Chaikovski

Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava
Solista: Giuseppe Andaloro
Entradas en ataquilla.com dende 5€

**Concerto 5: Día europeo da música**
Domingo 25 de xuño de 2023 ás 13:30h.
Concatedral de Vigo

Dirixe: Manuel Martínez Álvarez-Nava
Onde: Concatedral de Vigo
Cando: Domingo 25 de xuño ás 13:30h
Entrada de balda ata completar a capacidade

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 48.894,54 € (corenta e oito mil oitocentos noventa e catro con cincuenta e catro, financiándose coas seguintes achegas:

– Concello de Vigo: 30.000 €
– Deputación de Pontevedra: 2.500 €
– Ingresos por taquilla: 16.394,54 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo, para a organización do programa de concertos de decembro do 2022 a xuño do 2023, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei

38/2003 e do RD 887/2006;  as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Orquesta Clásica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente  corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o  80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquesta Clásica de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos de decembro do 2022 a xuño do

2023 figurando na aplicación **3340.480.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 30.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Orquesta Clásica de Vigo" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 30.000 € (trinta mil euros) á Orquesta Clásica de Vigo*, *CIF.* G36688422*, para o financiamento do programa de concertos de decembro do 2022 a xuño do 2023, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340*.480.00.04 "CONVENIO ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO*", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

**OBRIGAS DA ENTIDADE**

–E de responsabilidade da Entidade :

–A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,

–A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Barcia González , presidente da entidade

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou

substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

**OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (30.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2023
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    6. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    7. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    8. Memoria de prensa.
    9. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    10. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2022 e 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados dende o 15 de decembro do 2022 a 12 de novembro do 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto

facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual."

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(556).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "TAPADO LATERAL DA PISTA DEPORTIVA DO CENTRO CULTURAL BECERREIRA". EXPTE. 5820/443.**

Visto o informe de intervención do 26/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2023, asinado pola técnica de xestión, o técnico de administración xeral e xefe do servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento e o concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

"**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 17.03.2022 resolveu o autorizar o contrato menor e o gasto para a redacción do proxecto de para o tapado lateral da pista deportiva do Centro Cultural Becerreira a favor do arquitecto Leopoldo Salceda Alvite.

**II.-** A arquitecto Leopoldo Salceda Alvite presentou borrador de proxecto de "TAPADO LATERAL DA PISTA DEPORTIVA DO CENTRO CULTURAL BECERREIRA", cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DOCE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (212.597,15 €)

**III.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 28.11.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral da Área de Fomento, en data 29.11.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** A actuación consiste no tapado lateral da pista deportiva do centro cultural de Cabral, sito en rúa Becerreira 145, Vigo. Comprende as seguintes actuacións:

- A realización das obras necesarias para completar o tapado lateral do pavillón

deportivo do centro cultura. Cerramento das fachadas mediante reixas fixas de lamas e de reixas practicables antichoiva de aceiro galvanizado enmarcadas en marcos tubulares tamén de aceiro galvanizado.

- A mellora na recollida e condución das augas pluviais ao sumidoiro municipal. Construción dunha canaleta enterrada perimetral mediante chapa metálica de recollida de augas pluviais entre o pavillón e a zona infantil, conducindo a auga mediante canalización enterrada de PVC á rede xeral. Construción de canaleta para a recollida de augas na fachada sur e a posterior conexión á rede municipal.

- Mellora da iluminación existente mediante proxectores instalados nos laterais.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 3 (TRES) meses.

**V.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 15.06.2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*

*No PXOU 1993 a edificación está dentro da ORDENANZA 3.3. DE ZONAS CULTURAIS E SOCIAIS. A revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación Inicial o 26 de agosto de 2021 está clasificada como "DPv-EQ-322 Ex "Centro Cultural e Recreativo de Cabral – Becerreira". O centro cultural e recreativo de Cabral cumpre coas normativas de clasificación en ambos plans.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

*CONCLUSIÓN:*
*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

Aprobar o proxecto de obras para o “TAPADO LATERAL DA PISTA DEPORTIVA DO CENTRO CULTURAL BECERREIRA”, redactado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DOCE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (212.597,15 €) e de data da sinatura dixital 15 de xuño de 2023.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(557).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE 1”. EXPTE. 976/441.**

Visto o informe xurídico do 29/06/2023 e de fiscalización do 30/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 06/06/2023, asinado polo técnico de administración xeral e xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, a xefa do servizo de Contratación e o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

“**I.- ANTECEDENTES:**

**1.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de xullo de 2021, acordou aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago López Fontán e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €) e de data maio 2021. Expte. 3620-443.

**2.-** Revisado o expediente detéctase un erro material na autoría dun dos redactores, polo que en sesión ordinaria de data 10 de setembro de 2021, a Xunta de Goberno Local acorda a rectificación do erro material no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2021, de xeito que este figure como: Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €) e de data maio 2021. Expte. 3620-443.

**3.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14 de outubro de 2021, acordou aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I", redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24 de agosto de 2021.

No devandito PCAP se establece entre outros, un prazo de execución das obras de 5 meses, e a posibilidade de modificación do contrato no apartado 6 das FEC.

**4.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23 de xuño de 2022, acordou adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I" por un prezo total de 1.039.226,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 180.361,71 euros.

**5.-** O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 27 de xuño de 2022 (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL, FASE I" (976-441) ao Enxeñeiro Técnico Industrial D. ALFONSO BERROS PÉREZ e o Enxeñeiro en Topografía D. PABLO SAAVEDRA SALGUEIRO, (Tte. 6 do expediente da execución da obra 5602-443).

**6.-** En data 27 de xuño de 2022 formalízase o contrato das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I", entre o Concello de Vigo e a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

**7.-** En data 26 de xullo de 2022 asínase acta de comprobación do replanteo, dando comezo as obras ó día seguinte da súa sinatura. (Tte. 35 do expediente da execución da obra 5602-443).

**8.-** En data 9 de novembro de 2022, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe da dirección facultativa e informe proposta do servizo xestor, resolveu autorizar a ampliación do prazo de execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RUA ROMIL, FASE I”, adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xuño de 2022, por un prazo adicional de 3 meses, motivada pola situación socioeconómica excepcional, a nivel mundial, cunha alteración e aumento significativo dos prezos das materias primas e dos transportes, imposibilitando a estimación dos prazos de entrega dos diversos materiais que constitúen as diferentes unidades de obra. (Tte. 53 do expediente da execución da obra 5602-443).

**9.-** Por mor do Bando de Nadal da Alcaldía, procédese a suspensión temporal da execución das obras dende o 20 de decembro de 2022 ata o 9 de xaneiro de 2023, ambos inclusive, tal e como se recolle nas correspondentes actas de suspensión e reinicio das obras. (ttes. 60 e 61 do expediente da execución da obra 5602-443)

**10.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2022, adoptou o acordo de ”PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA SEGUNDA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES A TRAVÉS DA CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE ENTORNAS SAUDABLES NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA” Expte. 1517/441, regulada polo Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aceptando de forma expresa o procedemento regulado por este Real Decreto.

Dita participación recolle no PROXECTO PRIORIDADE 1: HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL: Subvención solicitada: 700.000,00 €. Importe a financiar polo Concello: 554.744,49 €.

**11.-** En data 6 de marzo de 2023, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe da dirección facultativa e informe proposta do servizo xestor, resolveu autorizar a ampliación do prazo de execución das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RUA ROMIL, FASE

I", adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de xuño de 2022, por un prazo adicional de 2 meses, motivada pola situación socioeconómica excepcional, a nivel mundial, debido á guerra de Ucrania, o que provoca atraso nos prazos de subministro de diversos materiais que dan lugar a un atraso do conxunto das obras. (Tte. 66 do expediente da execución da obra 5602-443).

**12.-** Con data 30 de Marzo de 2023, o Secretario Xeral da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) resolve provisionalmente a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables convocadas pola FEMP no marco do PRTR. (C.18.I.2.) ás Entidades Locais reflectidas no Anexo I SOLICITUDES APTAS, as cales se determinan a achega asignada a cada proxecto.

No Anexo I- SOLICITUDES APTAS, figura o Concello de Vigo – N.º Expediente 2023-98, Título Proxecto: Humanización Rúa Romil, cun importe da axuda de 700.000,00 €.

A citada resolución establece un prazo máximo de 15 días naturais desde o día seguinte á comunicación de resolución individual, tal e como se establece no artigo 16.5 das Bases Reguladoras da Convocatoria, para achegar carta de aceptación ou de renuncia da axuda.

**13.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de abril de 2023, no expediente 1517/441, adoptou o acordo de:

> *"Primeiro: Aceptar a subvención proposta de conformidade coas condicións establecidas pola resolución de data de 30 de marzo de 2023, do Secretario Xeral da FEMP, pola que se procede a adxudicar as axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de contornas saudables, na que figura o Concello de Vigo – N.º Expediente 2023-98, Título Proxecto: Humanización Rúa Romil, cun importe da axuda de 700.000,00€.*
>
> *Segundo: Establecer o compromiso de aceptar e cumprir todas e cada unha das condicións establecidas pola Orde da convocatoria en relación co obxecto da mesma, as propias da súa xustificación, a normativa específica de subvencións e, de maneira expresa, as sinaladas na normativa establecida polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello*

*de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como por toda a normativa que o desenvolve".*

**14.-** O 28 de abril de 2023 publícase a resolución definitiva, asinada polo Secretario Xeral da FEMP, pola que se resolve a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, da segunda convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables convocadas pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (C18.I.2).

No seu Anexo I, para cada solicitude beneficiaria indícanse, entre outros datos, as actuacións aprobadas, o importe solicitado e a axuda concedida, téndose no caso do Concello de Vigo o seguinte:

- Nº Expediente 2023-98: Humanización Rúa Romil. Importe Solicitado: 700.000,00 €. Axuda Concedida: 700.000,00 €.

Asemade declárase, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, que tódalas actuacións levadas a cabo no marco de dita convocatoria implican que o beneficiario asumirá as obrigas e responsabilidades regulados nas Bases Reguladoras e na propia Convocatoria, onde se identifica, entre outras, a seguinte normativa:

- Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e

Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

- Resolución 1/2022, do 12 de abril, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición de entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Todas elas configuran o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e establecen o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan.

Igualmente existe a obrigación de cumprir a normativa reguladora das subvencións e, especificamente, de respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) e cumprir coas condicións da etiquetaxe climática e dixital previstas polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR); así como o resto da normativa que os desenvolva e que se estableza no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Á vista destes antecedentes o Concello de Vigo como entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, debe proceder a establecer os procesos necesarios para garantir unha correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos, e cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

A Orde HFP/1030/2021, no artigo 2, establece como principios de xestión específicos do PRTR de obrigada consideración na planificación e execución os seguintes:

a) A determinación de “fitos” e “obxectivos” como criterios de planificación, seguimento e acreditación do resultado dos proxectos.

b) Etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, como unha obriga para a identificación dos recursos destinados a obrigada transición ecolóxica e dixital.

c) Análise de riscos en relación aos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), seguimento e verificación dos resultados da avaliación inicial.

d) Fortalecemento dos mecanismos de prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.

e) Compatibilidade do réxime de axudas estatais e prevención do dobre financiamento.

f) Identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista.

g) Comunicación.

Por acordo da da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 17 de febreiro de 2022, estableceuse un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, que determinará as directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multisiciplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.

De acordo co proceso desenvolto polo Concello de Vigo para a preparación da súa organización en relación ás obrigas como entidade xestora de proxectos cofinanciados co PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, e de acordo co recollido no PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION, atópanse aprobados os seguintes expedientes vinculados á execución deste programa:

- Por Resolución do Concelleiro delegado da Área de Fomento, na súa condición de responsable do desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, con data 09 de marzo de 2022, apróbase o

MANUAL DE PROCEDEMENTOS - XESTIÓN PROXECTOS CON FINANCIAMENTO DE FONDOS DO PRTR - NEXT GENERATIÓN EU.

(enlace: https://hoxe.vigo.org/pdf/eu/prtr/DOC_02_gallego.pdf )

- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2022, procedeuse a aprobar o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

(enlace: https://hoxe.vigo.org/pdf/eu/prtr/DOC_03_gallego.pdf )

**15.-** En base as obrigas descritas e tendo en conta que o presente expediente foi licitado, adxudicado e formalizado con anterioridade a resolución desta convocatoria, con data 24 de maio de 2023 a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do contrato das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I".

Por todo o anteriormente exposto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe proposta do servizo xestor, en data 24 de maio de 2023 resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do contrato das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I".

**16.-** En data 25 de maio de 2023, pola Dirección facultativa da obra, e coa conformidade da empresa adxudicataria, asínase acta de suspensión da execución temporal das obras, motivada pola tramitación do modificado nº1 do contrato de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I". (Tte. 77 do expediente da execución da obra 5602-443).

**17.-** En data 26 de maio de 2023, pola dirección facultativa da obra, e coa conformidade do Xefe da Área de Investimentos, emítese informe que consta no expediente, solicitando a modificación do contrato de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I", no seguinte senso:

"(...)

***II. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN***

*Á vista da resolución definitiva e tendo en conta que dito proxecto está financiado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, á tramitación deste expediente resultaranlle de aplicación ademais das normas xerais de contratación pública, o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro e cantas normas de desenvolvemento se aproben.*

*Asemade, o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.*

*Polo que atendendo aos antecedentes descritos, así como aos condicionantes para a execución do devandito proxecto, subvencionado polo Ministerio de Sanidade e a Federación Española de Municipios e Provincias, proponse modificar o contrato de obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I" (976-441), adxudicado a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., (A-36.008.886), en base os seguintes condicionantes:*

*1.- **Incluír como obrigas do adxudicatario** para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, e máis concretamente en relación á Convocatoria de Axudas destinadas á promoción de estilos de vida*

*saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:*

- *Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.*
- *Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.*
- *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- *Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Para efectos de auditoría e control, e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais.*

  *Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da "Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia" (2021/C 58/01) e da "Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente", publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*

- *O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais de á normativa relativa ao PRTR e a que resulte de aplicación en materia de contratación, á obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*
- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control, así como o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas pola aplicación do principio de non causar prexuízo significativo o medioambiente e as consecuencias en caso de incumprimento.*
- *Cumprimento dos requirimentos de información previstas no artigo 8.2 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga dos compromisos en materia de comunicación, visibilidade e uso de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas no Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

***2.- Obrigas para o responsable do contrato**: En relación á condición de ser un contrato financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, entre as competencias do responsable do contrato deben incluírse:*

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en*

*relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medioambiente (principio DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

- *Informar ao Comité técnico do Programa Municipal de Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medioambiente (principio DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

***3.- Modificar o financiamento do contrato**: En relación á condición de contrato cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, figurando na Compoñente 18 do devandito Plan "Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde" na media Inversión 2 "Accións para reforzar a prevención e a promoción da saúde".*

***4.- Modificar a denominación do contrato:** Segundo o establecido no artigo 9.3.b da Orde HFP/1030/2021, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos que se desenvolvan no ámbito do PRTR, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU», de xeito que o título deberá ser: "Humanización da rúa Romil Fase I no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU "*

## *III.- XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DA MODIFICACIÓN*

*En relación ao alcance da proposta de modificación exposta, o PCAP que rexe a contratación das obras recolle no seu Anexo I Folla de Especificacións do Contrato (FEC), Punto 6 a posibilidade de modificación do contrato, indicando no seu Apartado C) "Circunstancias que determinan a modificación", a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:*

- *Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- *Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

*Á vista das circunstancias expostas debese indicar que aínda que o PCAP regula a posibilidade de modificación do contrato, a proposta que se xustifica no presente informe non pode considerarse como unha causa incluída no PCAP polas seguintes condicionantes:*

*O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión de axuda por importe de 700.000 euros, outorgada polo Ministerio de Sanidade e a Federación Española de Municipios e Provincias ao Concello de Vigo no marco do Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, transformación e resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 28 de abril do 2023 foi posterior á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e da licitación do procedemento aberto da obra para a contratación das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I" (976-441).*

*Por outra banda, a proposta desta modificación, en relación ás obrigas instrumentais a cargo do contratista e os seus subcontratistas e do responsable do contrato, derívase da execución de unha actuación financiada no marco dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-*

*NextGenerationEU, e polo tanto, ademais das normas xerais de contratación pública seranlle de aplicación o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria. e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.*

*Así mesmo, regularase polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos do beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar o documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.*

*Asemade, Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o esixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.*

*Estas obrigas non supoñen a realización de novas prestacións nin implican custe, e refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.*

*Polo que a modificación proposta ten o seu encaixe no art.205.2b) da LCSP que recolle a posibilidade de modificacións non previstas no PCAP cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:*

1. *Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.*
2. *Que a modificación non altere a natureza global do contrato.*
3. *Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.*

*Por todo o exposto solicítase a modificación do* ***CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I (976-441),*** *en base aos seguintes condicionantes:*

***1.- Incluír no apartado 7.B da FEC como "outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario"*** *para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGenerationEU, en relación ao programa de axudas destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:*

- *Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.*
- *Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.*
- *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*

- *Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Para efectos de auditoría e control, e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais.*

  *Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da "Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia" (2021/C 58/01) e da "Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente", publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*
- *O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais de á normativa relativa ao PRTR e a que resulte de aplicación en materia de contratación, á obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do "Plan antifraude" do Concello de Vigo.*

- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control, así como o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas pola aplicación do principio de non causar prexuízo significativo o medioambiente e as consecuencias en caso de incumprimento.*
- *Cumprimento dos requirimentos de información previstas no artigo 8.2 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga dos compromisos en materia de comunicación, visibilidade e uso de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas no Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

***2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP** incluíndo as seguintes:*

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medioambiente (principio DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

- *Informar ao Comité técnico do Programa Municipal de Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de*

*aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medioambiente (principio DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*

***3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato*** *incluíndo o seguinte: O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola la Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 18 "Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde", e na medida Inversión 2 "Accións para reforzar a prevención e a promoción da saúde".*

***4.- Modificar a denominación do contrato*** *engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: "Humanización da rúa Romil Fase I no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ".*

**<u>Fundamentos técnicos e xurídicos</u>**

**I.-** A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

**II.-** Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;

b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

**III.-** En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran as seguintes (art.205.2.b) da LCSP):

- Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
  - 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
  - 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

- 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

**IV.-** Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato ten encaixe no apartado 2.b do artigo 205: "Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato". Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión directa, ao Concello de Vigo, dunha subvención para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, transformación e resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 28 de abril do 2023 foi moi posterior á aprobación do expediente de contratación e posterior mesmo á adxudicación do contrato das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I" (976-441).

2. A modificación non altera a natureza global do contrato dado que a modificación unicamente consiste en engadir obrigas instrumentais tanto a cargo do contratista e os seus subcontratistas como do responsable do contrato en cumprimento da normativa que rexe as actuacións derivadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. A modificación do contrato implica unha alteración na súa contía que non excede, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. Neste caso concreto a modificación proposta non implica alteración da súa contía xa que refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

**V.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)

3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

**VI.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205 e 206 da LCSP).

**VII.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**VIII.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducidos nos antecedentes da presente proposta, xustificativos da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 205 e 206 da LCSP.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 24 e 25 de maio de 2023, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia dos redactores do proxecto, os cales manifestan en data 31.05.2023, "*que o proxecto non é obxecto de modificacións senón que a modificación do contrato responde a necesidades de adaptación ás condicións da subvención concedida ao Concello de Vigo con posterioridade á licitación, adxudicación e formalización do expediente de contratación das obras, polo que non proceden comentarios por parte dos autores do proxecto*". (ttes. 338, 344 e 345 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación do contrato e a conformidade deste, en data 30.05.2023. (ttes. 337, 341 e 342 do expediente dixital).

5º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP) xa que a modificación do contrato non conleva variacións do proxecto nin do prezo.

6º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta o previsto no artigo 205 da LCSP.

7º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

8º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**IX.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.-** Modificar o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I. A modificación consiste en:

1.- Incluír no apartado 7.B das FEC como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas o financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Next GenerationEU, en relación ao programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sustentable do transporte urbano, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso.
- Adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar y corrixir o fraude e a corrupción.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.

- Estará suxeito ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Para efectos de auditoría e control, e en función do disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241, relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sobre financiamento comunitario das medidas incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais.

  Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- O adxudicatario do contrato queda suxeito, ademais de á normativa relativa ao PRTR e a que resulte de aplicación en materia de contratación, á obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo; NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.

- Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control, así como o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas pola aplicación do principio de non causar prexuízo significativo o medioambiente e as consecuencias en caso de incumprimento.
- Cumprimento dos requirimentos de información previstas no artigo 8.2 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Obriga dos compromisos en materia de comunicación, visibilidade e uso de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprimento das obrigas específicas establecidas no Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios e Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornas saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medioambiente (principio DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR
- Informar ao Comité técnico do Programa Municipal de Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se

establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medioambiente (principio DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato e incluír a condición de contrato cofinanciado con fondos do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea Next Generation EU,. Compoñente 18 “Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde”, e na medida Inversión 2 “Accións para reforzar a prevención e a promoción da saúde”.

4.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: “Humanización da rúa Romil Fase I no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”.

**SEGUNDO.-** Instar á mercantil CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., (A-36.008.886) adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP.

**TERCEIRO.-** Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(558).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DIRECCIÓN XERAL DE TRANSPORTE TERRESTRE POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO PARA O ANO 2023. EXPTE. 4251/449.**

Dáse conta do informe-proposta do 04/07/2023, asinado pola xefa do servizo de Transportes e o segundo tenente de alcalde e concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

"PRIMEIRO.-A disposición final octoxésima cuarta da lei 31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 "Subvenciones a las entidades locales por servicios de transporte colectivo urbano interior"" establece as bases reguladoras para que as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo especificado no seu apartado dous, " En la distribución del crédito podrán participar los Ayuntamientos que dispongan de un servicio de transporte público colectivo urbano interior, cualquiera que sea la forma de gestión" podan solicitar e beneficiarse das axudas para o financiamento do servizo de transporte urbano interior que se preste no seu ámbito de competencia.

A disposición adicional establece unha dotación de 51.054.740 € a repartir entre tódolos beneficiarios, con cargo a aplicación orzamentaria 17.39.441M.462 establecendo no apartado dous os requisitos que é necesario cumprir, e no apartado sete a documentación que é necesario presentar.

O formato da documentación será o que determinen os órganos competentes do Ministerio de Transportes,Mobilidade e Axenda Urbana e debe remitirse no prazo entre o 1 de xuño e 15 de xullo do ano en curso.

SEGUNDO.- A Resolución da Dirección General de Transporte Terrestre da data 31 de de maio de 2023 establece a forma de presentación da información requirida no apartado sete da disposición adicional octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, en relación coa convocatoria de subvencións as entidades locais pola prestación de servizos de transporte colectivo urbano, aclarando que sendo o dia 15 de xullo sábado e polo tanto inhábil, o prazo de presentación entendese prorrogado até o día 17 de xullo de 2023.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto no apartado nº 3 da Resolución da Dirección General de Transporte Terrestre da data 31 de de maio de 2023 , cando a solicitude de subvención non a presente directamente o Alcalde será necesaria a presentación dun documento de representación e engade que admitirase como documento de representación o documento de habilitación de representación para presentar a solicitude firmado polo Alcalde e polo Secretario Municipal ( apud acta )

CUARTO.-Considerando que de conformidade co disposto no nº 1 do decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 21 de

xuño de 2023, Boe 123 de data 27 de xuño de 2023, lle corresponden a esta entre outras as seguintes atribucións:

“ A formulación de solicitudes de subvencións a outras administracións ou organismos público e aceptación da súa concesión “

A vista do exposto , e de conformidade co anterior,proponse a Xunta de Goberno Local , a adopción do seguinte :

ACORDO

PRIMEIRO.- SOLICITAR a Dirección Xeral de Transporte Terrestre a concesión da subvención prevista e regulada na disposición final octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 para o financiamento do servizo de transporte urbano interior que se presta no ámbito da competencia do Concello de Vigo , de conformidade co disposto na citada disposición e na Resolución da Dirección General de Transporte Terrestre da data 31 de de maio de 2023.

SEGUNDO.- DELEGAR no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Goberno de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada na disposición final octoxésima cuarta da lei L31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 para o financiamento do servizo de transporte urbano interior que se presta no ámbito da competencia do Concello de Vigo, de conformidade co disposto na citada disposición e na Resolución da Dirección General de Transporte Terrestre da data 31 de de maio de 2023.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.”

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo 2023-2024. Expte. 9707/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fóra da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**25(559).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO 2023-2024. EXPTE. 9707/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/07/2023, asinado pola xefa do servizo de Contratación e Novos proxectos e a Concelleira Delegada da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

**<u>CONVOCATORIA DE PROGRAMA: VIGO EN FESTAS 2023</u>**

Con data 27 de abril de 2023 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aprobou as bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo".

Con data 9 de xuño de 2023 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a "convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo" xunto cos a anexos I e III. En concreto para o programa: VIGO EN FESTAS 2023.

No prazo estabelecido na bases da convocatoria, comprendido entre o 10 de xuño e o 24 de xuño, presentouse a seguinte entidade:

| ENTIDADE | CIF | TIPO DE COLABORA-CIÓN | VALORACIÓN ECONOMICA |
|---|---|---|---|
| CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA | B-703113507 | - MONETARIA<br>- ESPECIE/MEMORIA | 100.000 €<br>3.084.000 € |

O día 4 de xullo de 2023, de acordo co estabelecido na base novena das reguladoras de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, reúnese a Comisión de avaliación e que está composta por:

A Concelleira Delegada da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dna. Patricia Rodríguez Calviño en calidade de Presidenta e a Xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, Beatriz Barbará Rodríguez , en calidade de Secretaria.

A comisión acepta a única a proposta achegada xa que a marca e o produto se adecúa ao tipo de actividade programada.

En canto ao contido da proposta a Comisión decide non admitir a achega en especie proposta na Memoria, ao tratarse de accións non directamente vinculadas coas actividades do programa de Vigo en Festas 2023.

Non resulta necesario facer unha valoración da puntuación acadada ao existir soamente unha proposta que valorar.

A vista do antedito, **PROPONSE** Á Xunta de Goberno Local :

**Primeiro.-** Aceptar a solicitude presentada pola empresa CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, CIF B-703113507 pola achega monetaria de 100.000 €.

**Segundo.-** Non aceptar a solicitude presentada pola empresa CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, CIF B-703113507 pola achega en especie.

**Terceiro.-** Comunicar á empresa solicitante a aceptación da súa participación como colaborador do programa VIGO EN FESTAS 2023.

**Cuarto.-** Asinar entre a Concelleira Delegada da área de Seguridade Contratación Festas e Xestión Municipal (conforme os decretos de delegación de alcaldía de datas 20/06/2023 e 28/06/2023) e a entidade solicitante a proposta de convenio recollido no anexo II da convocatoria.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E “CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L” PARA ACTIVIDADES DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023**

Vigo, 3 de Xullo do 2023

## REUNIDOS

Dunha parte, Patricia Rodríguez Calviño, na súa calidade de concelleira-delegada da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do texto consolidade de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo mediante Decreto de Alcaldia de data 21/06/2023 e 28/06/2023.

Doutra parte, D. Antonio Viejo Puga, con DNI 36120668-L, en representación da entidade mercantil “CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L.”, con CIF-B-70313507, con domicilio social na cidade de A Coruña, rúa José María Rivera Corral núm. 6-CP 15620

## MANIFESTAN

**Primeiro.-** O art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que o Municipio, para a xestión do seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades y aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

**Segundo**.- Que a finalidade do convenio é acadar a colaboración da empresa “CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L”, co Concello de Vigo no fomento de actividades socioculturais, turísticas, deportivas e principalmente festivas, todas elas de interese xeral, que se celebren na cidade de Vigo, nos termos do artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

**Terceiro.-** Que o presente convenio constitúe un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral segundo o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro en virtude do cal o Concello de Vigo, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades.

A difusión da participación do colaborador no marco nos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe prestación de servizos polo que se atopa excluído do ámbito de aplicación da lei 40/2015, do 1 de outubro do sector .

**Cuarto.-** Que o Concello ten competencia para recibir achegas económicas a tenor do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concepto de ingreso de natureza non tributaria de dereito privado, e é unha das entidades beneficiaria de

mecenado de conformidade co artigo 16 apartado b) da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

**Quinto**.- Que polo tanto, o CONCELLO DE VIGO e a entidade "CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L." teñen un especial interese en colaborar na dita actividade, mediante o instrumento de Convenio de Colaboración Empresarial previsto no devandito artigo 25 de Lei 49/2002, de 23 de decembro,de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Por todo isto, as partes intervenientes acordan subscribir o presente convenio de Colaboración con suxeición aos seguintes:

## PACTOS

**Primeiro.- Obxecto do convenio**.

O presente convenio entre o Concello de Vigo e a entidade "CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L." en actividades de interese xeral ten por obxecto establecer a colaboración económica do programa "VIGO EN FESTAS 2023" que terá lugar en Vigo.

Co fin de acadar o dito obxecto, a entidade "CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L." asume o compromiso de efectuar as achegas económicas que se indican no terceiro pacto e o Concello a difusión, a participación do colaborador, a cambio das axudas económicas para a realización do "Programa Vigo en festas 2022" que se pretende levar a cabo.

**Segundo.- Natureza.**

Ambas as dúas partes declaran que o presente convenio de colaboración en proxectos ou actividades culturais de interese social ten a natureza dos previstos na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 24 de la Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeral de Publicidade.

A tódolos efectos, a difusión da participación da entidade "CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L." no marco do establecido no presente convenio non constitúe unha prestación de servizos.

**Terceiro.- Compromisos das partes**

A entidade "CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L." coa sinatura do presente convenio, asume o compromiso de efectuar unha achega económica total polo importe de 100.000 (cen mil) euros ao patrocinado que serán necesariamente destinada para o desenvolvemento do programa "Vigo en Festas 2023".

O importe indicado será ingresado pola entidade "CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA S.L." mediante transferencia bancaria a favor do CONCELLO DE VIGO na conta da oficina principal de IBAN nº ES48 2080 5000 6331 1007 0132, nos quince días naturais seguintes á

sinatura do convenio. O Tesoureiro do Concello de Vigo emitirá unha certificación acreditativa do pagamento polo importe ingresado.

**Cuarto.- Accións de difusión da colaboración.**

En virtude do presente convenio O CONCELLO comprométese a difundir por calquera medio a participación do colaborador no programa “VIGO EN FESTAS 2023”.

En especial, o Concello utilizará o logotipo do colaborador en calquera soporte que sexa utilizado para difundir as actuacións proxectadas ou en fase de realización, con especial mención, no seu caso, á avaliación da achega económica daquela.

**Quinto.- Comisión de Seguimento e duración do convenio**

Ambas partes constituirán una Comisión Mixta formada por dous membros por cada unha das partes, que terá como funcións o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes. Tamén resolverá os problemas que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e permanecerá vixente ata a data de remate do evento.

**Sexto.- Causas de resolución do convenio**

Sen prexuízo das causas legais, o presente convenio poderá ser resolto polos motivos seguintes:

- Por mutuo acordo das partes intervenientes.
- O incumprimento por calquera das partes dalgunha das obrigas que se establecen neste convenio que non fora emendado nun prazo de dez días dende que se comunicase tal circunstancia á outra parte.

**Sétimo.- Publicidade**

Conforme ao establecido na normativa sobre transparencia, acceso a la información pública y bo goberno, el presente convenio será publicado na web do Concello de Vigo.

**Noveno.- Protección de datos**

Cada unha das partes obrigarase a cumprir coas obrigas en materia de protección de datos e acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

**Décimo. Propiedade intelectual.**

Ningunha das manifestacións que contén o presente convenio supón a cesión ou transmisión de calquera dereito da propiedade intelectual ou industrial, titularidade, nin do Colaborador nin do Concello.

O uso indebido ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio, por algunha das partes, de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade industrial ou

intelectual, facultará á parte prexudicada para resolver o presente convenio e pedir a correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houbese lugar.

**Undécimo.- Normativa aplicable e xurisdición.**

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración empresarial conforme o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, e artigos 111 Texto Refundido de disposicións vixentes locais, , lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, a Lei 39/2015, do 2 de novembro, de procedemento administrativo común, Real Decreto 500/90 de 20 de abril, como en especie. As achegas poderán cubrir a totalidade ou parte da actividade obxecto da colaboración e poderán proceder de varios colaboradores.

**Duodécimo -** Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a ÁREA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento

En proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio dixitalmente, no lugar e data que se indican.

/amg

Pola entidade
“Corporación Hijos de Rivera S.L.”
O representante legal,

Antonio Viejo Puga

Polo Concello de Vigo
A Concelleira Delegada da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal

Patricia Rodríguez Calviño

**26(560).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez